# paraíso

Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios
e da Rede Galega de Salas

Nº 9 / xaneiro 2011



## SóLODOS
DANZA SEN FRONTEIRAS

## ELEFANTE ELEGANTE
ÁBRESE PASO CON FORZA NA ESCENA GALEGA

ESPELLO CÓNCAVO ESTREA
## LIMPEZA DE SANGUE

## MARÍA BARCALA
O TEATRO COMO FORMA DE VIDA

XUNTA DE GALICIA

centro
dramático
galego

# Salón Teatro
## programación
## xaneiro_maio 2011

### XANEIRO

Teatro
**Concerto "à la carte"**
COMPANHIA DE TEATRO DE BRAGA (Braga, Portugal)
Venres 14 e sábado 15 ás 20.30 h

Música
Ciclo ST Música Presente
**Abe Rábade Trío**
Martes 18 ás 21.30 h

Teatro
**Memoria de Helena e María**
TEATRO DO ATLÁNTICO (Galicia)
Xoves 20, venres 21 e sábado 22 ás 20.30 h e domingo 23 ás 18.00 h

Monólogo escénico-narrativo
**Memoria das memorias dun neno labrego**
ABRAPALABRA CREACIÓNS ESCÉNICAS (Galicia)
Venres 28 e sábado 29 ás 20.30 h e domingo 30 ás 18.00 h

### FEBREIRO

Teatro
**Super8**
VOADORA en coprodución co CENTRO DRAMÁTICO GALEGO (Galicia)
Venres 4 e sábado 5 ás 20.30 h

Teatro
**Del maravilloso mundo de los animales: los corderos**
HISTRIÓN TEATRO (Andalucía)
Mércores 9 e xoves 10 ás 20.30 h

Teatro
**A caixa preta**
TRIGO LIMPO TEATRO ACERT (Tondela, Portugal)
Sábado 12 ás 20.30 h e domingo 13 ás 18.00 h

Danza
**Axóuxere de cores**
FUNDACIÓN IGUAL ARTE (Galicia)
Sábado 19 ás 20.30 h

Música
Festival Sinsal. Extensión Salón Teatro
**Laetitia Sadier**
Domingo 20 ás 20.30 h

Teatro
**Rua Gagarin**
TEATRO OFICINA (Guimarães, Portugal)
Sábado 26 ás 20.30 h

### MARZO

Teatro
**La casa de Bernarda Alba**
ATALAYA – EL VACIE (Andalucía)
Venres 4 ás 20.30 h

Teatro - Estrea
**Hamlet**
COMPAÑÍA ALFREDO PADILLA (Galicia)
Sábado 5 ás 20.30 h e domingo 6 ás 18.00 h

Teatro
**Os vellos non deben de namorarse**
TEATRO DO MORCEGO (Galicia)
Venres 11 ás 20.30 h

Teatro
**Por que o meniño se coce na polenta?**
SAPRISTI TEATRO en coprodución co CENTRO DRAMÁTICO GALEGO (Galicia)
Venres 18 e sábado 19 ás 20.30 h

Teatro
**Salomé**
CENTRO DRAMÁTICO GALEGO (Galicia)
Venres 25 e sábado 26 ás 20.30 h

### ABRIL

Teatro
**Pressing Catch**
BERROBAMBÁN (Galicia)
Venres 1 e sábado 2 ás 20.30 h

Teatro
**Festival Internacional de Teatro Universitario (FITU)**
Do luns 4 ao domingo 10

Teatro - Música
**Ordem e progresso**
CARLOS BLANCO - ABADA TEATRO (Galicia)
Luns 11 e martes 12 ás 20.30 h

Teatro
**A filla de Woody Allen**
COMPAÑÍA SANTIAGO CORTEGOSO (Galicia)
Sábado 16 ás 20.30 h e domingo 17 ás 18.00 h

Danza
**Semana da Danza**
CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO (Galicia)
Do luns 25 ao sábado 30

### MAIO

Teatro
**Limpeza de sangue (o sangue fai ruído)**
ESPELLO CÓNCAVO (Galicia)
Xoves 5 e venres 6 ás 20.30 h

Cine
**VIII Festival Internacional de Curtametraxes Cortocircuíto**
Do sábado 7 ao venres 13, agás o domingo 8

Teatro - Estrea
**Moito conto**
REDRUM TEATRO (Galicia)
Sábado 14 ás 20.30 h e domingo 15 ás 18.00 h

Multidisciplinar
**Mundo Lois**
Coprodución de NORDESÍA, FILMANOVA e KACHET (Galicia)
Martes 17 ás 20.30 h

Música
**O Coro da Ra**
Venres 20 e sábado 21 ás 20.30 h

Teatro
**XII Mostra Internacional de Teatro Universitario (MITU)**
Do luns 23 ao martes 31

**Billeteira:**
Salón Teatro (Rúa Nova 34, Santiago de Compostela)
Tel.: **981 58 49 78**
(aberta dúas horas antes de cada espectáculo)

**Venda anticipada:** 902 43 44 43 www.caixagalicia.es Caixagalicia

**Información:**
Centro Dramático Galego
Tel. **981 58 11 11** (de 9 a 14 h)

*Confirmación de programación
**www.centrodramatico.org**

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais

XUNTA DE GALICIA

A danza regresa á portada de *Paraíso* da man dunha das nosas compañías máis internacionais no só desde o punto de vista da súa proxección, senón tamén da súa orixe. A galega Maruxa Salas e o costarriqueño Erick Jiménez son a alma de SóLODOS e os protagonistas desta primeira plana, que captura para os nosos lectores un momento do espectáculo co que están a traspasar fronteiras.

Eles exemplifican un sector en auxe no seo da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas, os dous circuítos escénicos que a Agadic (Axencia Galega das Industrias Culturais) promove xunto cos concellos e entidades xestoras dos espazos adscritos. Ademais de SóLODOS, outras 17 formacións coreográficas asómanse ás páxinas deste noveno número da revista a través das fichas intercaladas entre as entrevistas e reportaxes. Hai espectáculos galegos e de fóra de Galicia, para público adulto e familiar, unipersoais e de elenco... En definitiva, unha oferta heteroxénea na que nomes recoñecidos e recoñecibles comparten páxinas con varios debutantes na programación.

A carón da danza, sitúanse a maxia, a música, o novo circo e, sobre todo, o teatro para dar forma ao calendario do primeiro semestre de 2011, que se desenvolve de xeito pormenorizado no caderniño central de *Paraíso*, diferenciando por vez primeira as carteleiras de cada unha das redes.

A xuventude experimentada e apaixonada de compañías como Elefante Elegante e Caramuxo ou as firmes táboas das que fan gala Espello Cóncavo e María Barcala ocupan tamén lugares destacados no interior da revista, que nesta ocasión dedica a sección de espazos escénicos á nova etapa do emblemático Teatro Jofre de Ferrol.

Colaboran, ademais, nesta nova entrega de *Paraíso* a autora e directora teatral Vanesa Sotelo e o xornalista Alberto Ramos, achegándonos desde o apartado de comentarios as súas respectivas visións acerca dunha programación que se desprega por un total de 53 espazos escénicos de toda Galicia. Desde aquí convidamos os nosos lectores e lectoras a que se deixen atrapar nestas redes e engaiolar pola maxia dos seus espectáculos ao vivo.



**4-9**
ABRAN PASO AO
**ELEFANTE ELEGANTE**



**10-13**
**ESPELLO CÓNCAVO**
LIMPEZA DE SANGUE
TEATRO AQUÍ E AGORA



**14-19**
**MARÍA BARCALA**
MULLER DE TEATRO

**21**
COMENTARIO
**VANESA SOTELO**
PRIMEIRO SEMESTRE DE 2011: ENSAIO PARA UN MAPA TEATRAL EN REDE



**23-30**
PROGRAMACIÓN

**32-35**
**SóLODOS**
A DANZA
SEN FRONTEIRAS



**36-39**
**CARAMUXO TEATRO**
EMOCIÓN PARA NENOS
E NENAS ESPELIDOS

**41**
COMENTARIO
**ALBERTO RAMOS**
O TEATRO CUN CRANIO FURADO



**42-45**
TODO FERROL CABE NO
**JOFRE**

**46-47**
BREVES / DENDE O PARAÍSO

**PARAÍSO** é unha revista de información e promoción das actividades da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas que se distribúe de xeito gratuíto en espazos escénicos galegos.

EDITA: Axencia Galega das Industrias Culturais. Consellería de Cultura e Turismo.
PRESIDENTE: Roberto Varela Fariña.
DIRECTOR: Juan Carlos Fernández Fasero.

CONSELLO DE REDACCIÓN: Marcelina Calvo, María Paredes, Ana Rosales.
COORDINACIÓN: Área de Comunicación da Agadic.
TEXTOS: Moisés Álvarez Jorge, Esmeralda L. Castro, Ana Miragaya, Ana Rosales.
COLABORAN NESTE NÚMERO: Vanesa M. Sotelo, Alberto Ramos.
REVISIÓN LINGÜÍSTICA: Ramiro Combo.
FOTOGRAFÍAS: Uqui Permui, Ovidio Aldegunde (Sólodos), Xavier Pan (Espello Cóncavo), Kino (Elefante Elegante), Corsino (Caramuxo Teatro), cesións de compañías e arquivo da Agadic.
DIRECCIÓN DE ARTE, DESEÑO E MAQUETACIÓN: Uqui ||||| Cebra
Impresión: Litonor. Tiraxe: 9.000 exemplares.
I.S.S.N.: 1887-8164 / D.L.: C 963-2007

XUNTA DE GALICIA
AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais

**AGADIC** Rúa da Vesada s/n.
San Lázaro. 15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 577 126/28. Fax: 981 577 127
agadic@xunta.es / www.agadic.info

# abran paso ao elefante elegante





Con catro anos de existencia e media ducia de pezas, Elefante Elegante busca o seu lugar na escena galega. María Torres e Gonçalo Guerreiro queren compartir inquietudes e non se conforman con escribilas ou declamalas; buscan darlles forma a través do movemento e o xesto para que ao público lle entren polos ollos. Xuntan teatro físico, danza, artes plásticas e audiovisuais en espectáculos que beben da tradición para falar do noso tempo cunha linguaxe actual.

É unha compañía nova, pero non tanto como aparenta. É certo que naceu en 2007 e que os seus creadores andan nos trinta e tantos, pero a súa historia comeza xa algo antes, en 1999. Foi entón cando a galega María Torres e o portugués Gonçalo Guerreiro se encontraron en Italia, nun curso de *comedia dell'arte* impartido por Antonio Fava. O interese polas tradicións do teatro europeo foi o eixe sobre o que decidiron crear un proxecto común ao que convidaron outros actores e actrices. Chamábase Teatro Escondido e durante sete anos foi o laboratorio no que dar forma ás súas creacións. "Desexabamos investigar sobre a linguaxe corporal e o seu contido universal", explica Gonçalo Guerreiro. "Era un proxecto de busca dun teatro novo, coa ilusión propia de creadores novos sen ningunha experiencia".

*"A autoridade do texto sobre o teatro é insoportable", apunta Gonçalo Guerreiro. "O teatro bebeu moito da literatura, pero agora tamén o fai doutras fontes"*

Ao tempo que experimentaban coa compañía foron ampliando a súa formación. A influencia do teatro antropolóxico, que estudaron con Eugenio Barba, foi fundamental nas primeiras pezas, con creacións nas que cada actor falaba en escena unha lingua diferente, a súa propia. En Bélxica estudaron a pedagoxía do movemento de Jacques Lecoq, "na procura de maior conciencia corporal", o que pronto se trasladou ás súas creacións. "En vez de que cada actor fale na súa lingua, optamos por que o espectáculo fose universal a través da linguaxe do corpo e que o texto non fose fundamental para a comprensión", sinala María Torres. En Bruxelas compatibilizaban estudos, ensaios e traballos, mantendo viva a chama do Teatro Escondido.

En 2007 María e Gonçalo decidiron virse para Galicia, asentarse na Coruña e abrir aquí unha nova etapa. Sobre os alicerces do proxecto anterior naceu Elefante Elegante, "unha progresión natural", resalta María Torres. O seu é teatro visual, que se serve da fusión de disciplinas para provocar reflexións nos espectadores. "A autoridade do texto sobre o teatro é insoportable", apunta



Gonçalo Guerreiro. "O teatro bebeu moito da literatura, pero agora tamén o fai doutras fontes, como a danza, o cine ou a música". Toman como exemplo a fusión de teatro e danza en Oriente ou a polivalencia dos artistas da *comedia dell'arte* para defender unha creación escénica na que as linguaxes se entrelazan, sempre cun ollo posto no espectador.

## Niveis de lectura paralelos

A súa proposta pode resultar singular no noso contexto. Teatro non baseado no texto con afán de chegar a públicos amplos? "Queremos experimentar, pero dentro dunha relación co público", afirma Gonçalo, que engade: "Estamos preocupados por como vai dixerir o espectador aquilo que contamos, aínda que lle eximimos que use a súa imaxinación". Ao final, o que pretende a compañía é dar saída ás súas inquietudes. "Para nós o teatro é unha maneira terapéutica de compartir cousas que nos preocupan", di María Torres. Roubándose as palabras mutuamente, aseveran que a arte non pode só entreter, porque corre o

*Procuran que nos seus traballos "haxa dous niveis de lectura paralelos, que a obra chegue a un espectador máis novo pero que o adulto atope máis materia en forma de reflexión social"*

risco de quedar só en lecer. "A nosa estratexia é divertir para que a xente se enganche e aproveitar entón para que leven unha reflexión para a casa", completa a metade lusa do Elefante.

Na maioría dos seus espectáculos, María e Gonçalo aparecen como responsables de varias facetas: autoría, dramaturxia, dirección, escenografía ou son, ademais de participaren sempre os dous no elenco. Deseñan propostas que non sempre son fáciles de definir por idades. *In* toma a forma dunha fábula infantil para seducir o público adulto; *Tristán cara de can* fálalles aos cativos e fai rir os seus pais; *O forno* atrae a uns e outros, sen necesidade de cualificación por idade. "Aquí hai un muro entre teatro adulto e infantil que non existe en países como Francia", di María Torres. Gonçalo subliña que procuran que nos seus traballos "haxa dous niveis de lectura paralelos, que a obra poida chegar facilmente a un espectador máis novo pero que o adulto sexa convidado a chegar máis lonxe, buscar máis materia en forma de reflexión social".





**A FILLA DE WOODY ALLEN**
Santiago Cortegoso

Autoría: Santiago Cortegoso / Dirección: Santiago Cortegoso / Elenco: Marián Bañobre / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Entra en escena unha personaxe cunha gran maleta na man. Ao pouco, o público descobre que é a todas luces igual que Woody Allen, que se comporta coma el, que ten as mesmas teimas. Pero ela ignora o parecido. Está perdida, ignorante do evidente, na procura dunha identidade que todos coñecemos.

+ info en: *www.afilladewoodyallen.blogspot.com*



**A ILLA DAS MULLERES LOUCAS**
Inversa Teatro

Autoría: Afonso Pexegueiro / Dirección: Vanesa Sotelo
Elenco: Afonso Pexegueiro, Vanesa Sotelo, María Caparrini, Anxo Pintos e Quico Comesaña
Xénero: Teatro adultos/Outros

Un recital dramático onde a linguaxe do corpo e a palabra do propio autor en escena se combinan coa música orixinal que os integrantes de Berrogüetto Anxo Pintos e Quico Comesaña compuxeron para a ocasión e interpretan en directo. O resultado é unha peza poética de gran plasticidade na que as fronteiras entre o pasado, o presente e o futuro se esvaecen para desvelar un tempo suspendido onde unha muller libra a súa propia batalla por definir os límites entre cordura e loucura.

+ info en: *www.inversateatro.blogspot.com*



**AI CARMELA!**
Teatro de Adro

Autoría: José Sanchis Sinisterra / Dirección: Tito Asorey
Elenco: Josito Porto e Melania Cruz / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Inverno do ano 1938. En Galicia, dous cómicos da legua, Carmela e Paulino, son arrestados polo bando nacional e obrigados a realizar unha función para celebrar a vitoria na Batalla do Ebro ante un público onde están presentes varios mozos condenados a morte. Paulino, co seu afán de supervivencia, aceptará facelo, pero Carmela, nun xesto que ten máis que ver co seu propio sentido da xustiza e de solidariedade cos fracasados que cun fervor político, remata por non aceptar as ordes dadas.





# AS CINCO PEGADAS DO ELEFANTE

**Tristán cara de can**

A primeira das creacións de Elefante Elegante foi esta comedia xestual para nenos a partir de dous anos. *Tristán cara de can* pasa os días ladrando sen debuxar un sorriso ata que unha boneca de trapo entra en acción. Estreárona en 2007 na Coruña: "Trouxémola na maleta de Bruxelas", di María Torres en sentido literal (a escenografía veu con eles na furgoneta). Gonçalo Guerreiro apunta que nesta obra "as palabras transfórmanse en xestos; comunicámonos coa expresividade do corpo, o rostro e a voz nunha especie de linguaxe inventada".

**Iliria**

Da *Noite de reis* de Shakespeare, Elefante Elegante toma a trama central, chea de equívocos amorosos, e fai que arranque antes do punto no que comeza o texto do dramaturgo inglés. É a única proposta que non naceu do seo da propia compañía, "un fillo adoptado", afirma María. Estreárona en marzo de 2008. Eles os dous e Iria Piñeiro actúan sen escenografía, apenas unhas maletas, espadas, unhas teas... "Estamos convencidos de que alguén que non entenda o idioma pode seguir a trama sen problemas, porque xestualmente é moi clara", reflexiona Gonçalo.

**O forno**

Un ano despois estrearon esta obra que se coceu moito antes en Bélxica. Alí foran convidados a participar nunha residencia por unha granxa de agricultura ecolóxica situada nunha antiga abadía, xestionada colectivamente. Pola mañá ensaiaban e pola tarde colaboran na restauración dun forno artesanal. "O espectáculo foi creado a partir das nosas vivencias cotiás na reconstrución do forno. O colectivo anar-





quista que nos convidou separouse mentres estabamos alí, e iso tamén o absorbemos para a obra". O resultado é *comedia dell'arte*, "un teatro de feira para todos os públicos, con personaxes estandarizados que representan os roles sociais fundamentais", explican. Mónica Varela, Pablo Sánchez e Álex Fente acompáñanos nesta fábula na que unha comunidade camiña da harmonía á destrución empurrada polo egoísmo e a envexa.

**In**

Elefante Elegante propón aquí unha reflexión sobre a sociedade das aparencias, inspirada polo ambiente da rúa Real da Coruña, "o lugar de ensinarte, das relacións sociais". Para facelo, xuntan contos de Andersen e Grimm e fíanos coa peza *A voda dos pequenos burgueses* de Brecht. "Traballamos coa idea de que cada escena fose como un cadro e compuxémola cunha lóxica plástica", relata Gonçalo Guerreiro. "Como empregamos unha linguaxe moi visual e pouco explicativa, traballar co imaxinario común dos contos infantís sérvenos para ter unha complicidade co público e asegurar unha lectura máis fácil", explica María Torres. No escenario os actores son un pouco máis bailaríns e viceversa. Ao xogo súmanse Ángela Blanco, Fredi Muíño e Nuria Sotelo. Danza, vídeo, artes plásticas, música, poesía e teatro físico son os materiais cos que compoñer unha obra de estética case *naif*, que indaga na distancia entre ser e parecer.

**Calçada da memoria**

A súa última peza aínda está en proceso de xestación. Naceu no Verbum de Vigo como parte do proxecto *6x6 Punto de encontro*. Creárona coa artista Maya Kapouski traballando sobre "a palabra signo", que acabou sendo *casa*, "para nós os tres a palabra máis significativa", di María. Gonçalo avanza que a peza "fai pensar na casa e na familia de hoxe a través da evocación poética da casa e a familia de antes". Para María Torres, en *Calçada da memoria* a xeración Ikea de usar e tirar mira con nostalxia "á xeración na que unha mesa era unha mesa, porque o que lles dá alma ás cousas é o seu uso". Como antes con *Granito*, unha peza sobre Laxeiro para o Museo de Belas Artes da Coruña, actuantes e espectadores comparten espazo. Está pensada para salas duns 70 metros cadrados, o que abre novas posibilidades de comercialización en lugares como centros de arte para unha obra "na que –aseguran– nos aproximamos ás artes plásticas".



**ALICIA & ALICIA**

A Producións Artísticas

Autoría: Paula Carballeira / Dirección: Alfredo Rodríguez e Olga Cameselle / Elenco: Gena Baamonde, Anabel Gago, Toni Salgado e Uxía P. Vaello / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Un espectáculo para público adulto que parte do conto *Alice in Wonderland*, de L. Carrol. A través dos textos de Paula Carballeira xoga coa idea dunha Alicia imaxinaria que poderiamos ser todos nós. "Un espectáculo dedicado a todas as especies en perigo de extinción" (P. Carballeira).

+ info en: *www.aartistica.net*



**A NONA**

Teatro do Morcego

Autoría: Roberto Cossa / Dirección: Celso Parada Elenco: Miguel Pernas, Mundo Villalustre, Mónica Camaño, César Goldi, Elina Luaces, Miguel Varela, Iolanda Muíños / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Nunha familia arxentina, de orixe italiana, hai unha avoa (a *nona*) de avanzada idade. A *nona* come sen parar, mentres a familia, que avanza cara á ruína, procura os máis diversos camiños para gañar diñeiro (prostitución, mendicidade, enganos, etc.). Nun momento de desesperación, a familia comeza a tentar asasinar a *nona*.



**ATRA BILE**

Teatro de Ningures

Autoría: Laila Ripoll / Dirección: Etelvino Vázquez Elenco: Casilda García, Sonia Rúa, Josi Lage, David Novas e Fran Paredes / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Nazaria, Daría e Aurora son tres irmás xa anciás que viviron toda a súa vida xuntas nunha gran casona dunha aldea calquera. Esta noite de xoves están reunidas para velar o cadáver do marido de Nazaria, a única que casou, acompañadas da fiel criada de Nazaria, Ulpiana. E será ao redor deste velorio cando saian á luz as eternas querelas entre as irmás e eses segredos ocultos que permanecen alí, latexantes, durante cincuenta anos.

+ info en: *www.teatrodeningures.com*



# TEATRO AQUÍ E AGORA

Un texto multipremiado. Dez actores e actrices sobre as táboas. 29 escenas. Máis de dúas horas de duración. A última montaxe de Espello Cóncavo dá a medida dunha superprodución, aínda que o sexa máis polo esforzo e a valía do resultado que polo orzamento dispoñible. Con *Limpeza de sangue*, de Rubén Ruibal, a compañía de Sada segue a reivindicar os dramaturgos galegos actuais para poñer a sociedade diante do seu propio espello. Un teatro universal feito aquí e agora para aquí e para agora.

# ESPELLO CÓNCAVO

## Limpeza de sangue



**CAMBIOS DE DESTINO**
Teatro en Punto

Autoría: Rubén Ruibal / Dirección: Nerea de Valenzuela
Elenco: Gloria Rico / Xénero: Teatro adultos/ Contemporáneo

A liberdade é un camiño asilveirado, unha toxeira por desbravar. Día a día temos que cambiar de destino para conseguila, para deixar de ter medo, para deixar de tremer, para que o corazón non latexe tan rápido... ou para que non deixe de latexar.

+ info en: *www.teatroenpunto.com*



**CAPERUCITA SOLA**
Teatro Aparte

Autoría: Lorena Neira Otero / Dirección: Lorena Neira Otero / Elenco: Lorena Neira Otero / Xénero: Teatro adultos/Drama

Un espectáculo no que a protagonista conta a verdadeira historia da súa vida desde o seu interior máis profundo e a súa soidade máis absoluta..., no que a fantasía do popular conto infantil se transforma nun drama para adultos repleto de misterio e intriga.



**CIRCUS KLEZMER**
Circ D'Hivern

Autoría: Adrián Schvarzstein / Dirección: Adrián Schvarzstein / Elenco: Petra Rochau, Rebecca Maculey, Balcells, Nigel Haywood / Xénero: Teatro adultos/Outros

O circo contemporáneo é unha modalidade de espectáculo na que os números circenses acompañan unha historia cuns personaxes ben definidos e que incorpora, ás veces, outras artes escénicas. Neste caso é a música klezmer, unha música de celebración que no espectáculo enmarca os momentos poéticos e alegres dunha gran voda.

*"Para que este espectáculo teña ritmo, con tantas escenas en lugares e momentos distintos, é necesario un funcionamento áxil, preciso, moi rápido"*

Na sala de diálise dun hospital coinciden regularmente Fernando e Pantaleón, dous personaxes que parecen pertencer a mundos diferentes, pero que están unidos por máis cousas das que cren. Cunha trama que vai do policial ao reflexivo, *Limpeza de sangue* retrata unha sociedade corrupta e voraz que se move ao ritmo da ambición e da violencia e na que só a amizade pon algo de luz. É un drama sucio, de estrutura próxima ao cinema, co que Rubén Ruibal obtivo o Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais en 2005 e o Premio Nacional de Literatura Dramática en 2007.

"A idea de montar a obra xurdiu na primeira lectura que fixen do texto, ao pouco de ser publicado", sinala Arturo López, director de Espello Cóncavo. Despois de cinco anos e altas doses de teimosía, o 2 de outubro de 2010 en Narón chegou a agardada estrea. López pensou en Esteve Ferrer para a posta en escena, pero a apertada axenda do catalán impediuno. O propio Arturo López encargouse de dirixir un elenco encabezado por Sergio Zearreta, como Fernando, e Xavier Pan, como Pantaleón, que inclúe tamén a Oswaldo Digón, Fernando Morán, Gari, X. C. Mejuto, Teresa Horno, Estíbaliz Veiga e Rodrigo Roel.

"Sacar adiante o proxecto foi moi traballoso", explica López. "Se puidésemos soñar ou estivésemos noutro lugar e con outros medios, a montaxe deste texto precisaría un orzamento duns 400.000 euros, para facelo coas súas 31 escenas e a última tecnoloxía. Como non temos esas condicións nin ese diñeiro, fixemos un traballo baseado no músculo". Acurtouse a duración e reducíronse as escenas a 29, pero mantívose o reto: "Para que este espectáculo teña ritmo, con tantas escenas en lugares e momentos distintos, é necesario un funcionamento áxil, preciso, moi rápido", asegura o seu director.





*"Percibimos que a obra chega nítida ao espectador, que conecta co seu humor, impresiónase co que ten de dramático e entra perfectamente no dilema moral da corrupción"*

*"A compañía persegue un teatro xenuinamente galego, baseado nos nosos autores e que sexa reflexo deste país, dos seus problemas e os seus soños"*

O propio texto marca un ritmo case cinematográfico, que para Arturo López non é determinante. A montaxe non busca o tempo do cine, senón o seu propio. "Realizamos máis de vinte cambios de escenario que requiren a súa duración e non os podemos facer nin tan lentos como para que a obra languideza nin tan rápido como para que o público non consiga situarse". O resultado deixa satisfeita a compañía. "Percibimos que a obra chega nítida ao espectador, que conecta co seu humor, impresiónase co que ten de dramático e entra perfectamente no dilema moral da corrupción".

### Teatro para facer país

Desde que Espello Cóncavo se creou en 1994, a compañía montou obras de autores tan dispares como Eugene O'Neill, Eurípides, Brian Friel ou Luigi Lunari. Pero nos últimos anos decidiu ligar a súa creación á dos dramaturgos galegos. A montaxe de *Limpeza de sangue* chega xusto despois de *Anxeliños* (2008), de Roberto Vidal Bolaño, e *Zardigot* (2007), de Euloxio Ruibal. As tres teñen en común seren textos que miran á realidade social galega, no seu presente ou no seu pasado próximo. "A compañía persegue un teatro xenuinamente galego, baseado nos nosos autores e que sexa reflexo deste país, dos seus problemas e os seus soños", afirma Arturo López.

É a elección dunha maneira de enfocar o presente. "Interésannos os autores que din cousas que cremos que son necesarias neste momento, aqueles que teñen un compromiso coa súa realidade inmediata". Para López inclinarse polos dramaturgos galegos "é facer cultura e facer país", unha maneira de ser universais desde Galicia. Espello Cóncavo entende *Limpeza de sangue* como unha boa oportunidade para demostrar que "na medida en que sexamos capaces de reflectir a nosa realidade, o teatro galego pódese ver en calquera parte". Traballan para presentar a obra en dúas ou tres cidades grandes fóra de Galicia, seguros de que a acollida será excelente. "Estou convencido de que podemos saír fóra co noso teatro, os nosos autores, a nosa cultura".

Mentres continúa a xira por vilas e cidades do país, Arturo López xa pensa nas próximas propostas de Espello Cóncavo, que seguirán a liña marcada nos últimos anos. Unha das posibilidades abertas é facer unha montaxe de formato reducido a partir do texto dalgún autor novo. A outra é unha arela presente desde hai xa algún tempo; montar unha obra de Manuel Lourenzo, "o máximo expoñente dos dramaturgos galegos". Nun caso ou noutro, será unha nova mirada crítica á nosa realidade.



**CITIZEN (PRIMEIRA PARTE)**
Chévere

Autoría: Chévere / Dirección: Xron / Elenco: Patricia de Lorenzo, Manuel Cortés / Xénero: Teatro adultos/ Contemporáneo

*Citizen* inspírase no *Citizen Kane,* de Orson Welles. A obra conta a historia dun suposto empresario galego do téxtil que se converte nunha das persoas máis ricas e poderosas no último terzo do século XX. *Citizen Primeira Parte* sitúanos nese momento iniciático que ten toda gran aventura. Franco acaba de morrer. Todo ten que mudar. Ela está exactamente onde ten que estar. El non ten posición. Ela é dun lugar do que ten que fuxir. El non sabe nin de onde vén, pero sabe exactamente a onde quere chegar.

+ info en: *www.grupochevere.eu*



**CONDENA PERPETUA**
Brisa Teatro

Autoría: Marcos Grande Pazos / Dirección: Sara Baltar Elenco: Javier González Fernández / Xénero: Teatro adultos/Drama

Que ocorre cando a túa alma parece ser procreada para camiñar perpetuamente ligada ao sufrimento? Que facer cando a túa existencia é unha propia condena, cando os teus seres queridos renegan da túa existencia, cando os teus semellantes censuran os teus sentimentos, cando cres incorrer na desgraza da pena eterna? *Condena perpetua* realiza un escabroso traxecto pola alma dun ser humano convencido de que esta forma parte dun corpo equivocado.



**COROS PARA DESPOIS DOS ASASINATOS**
Teatro Nu

Autoría: Edward Bond / Dirección: Zé Paredes Elenco: Zé Paredes, Mónica Camaño e Lois Soaxe / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

A peza trata dun acontecemento no ano 2030. Cando foi escrita, este evento acontecía 50 anos despois, no futuro. Un soldado deserta e rapta a filla dun operario dunha fábrica de armamento para protestar contra a fabricación e o troco de armas.

# María Bar

## MULLER DE TEATRO

María Barcala recoñécese como parte dunha xeración de homes e mulleres de teatro que abriu camiño. Comezaron como afeccionados a mediados dos setenta, foron a Madrid na procura da profesionalización e regresaron para montar as primeiras compañías profesionais. No seu caso, deulle pulo a Teatro da Mari-Gaila e logo formou tándem con Xúlio Lago para botar a andar Teatro do Atlántico. Neste tempo de actividade ininterrompida encarnou sobre as táboas a Nora, de 'Casa de bonecas', de Ibsen; a Natalia, de 'O cerco de Leningrado', de Sanchis Sinisterra; a Clitemnestra, de Yourcenar; a Rosalía, de Otero Pedrayo; a dona Inés, de Cunqueiro; e moitas outras. Escolleu sempre as táboas fronte a outras oportunidades porque entende que "facer teatro é unha forma de vida, na que o gozo e a dor van xuntas".

# Cala

# MARÍA BARCALA: "TOCOUME PERTENCER A UNHA XERACIÓN QUE ESTÁ CREANDO AS BASES E AÍ SEGUIMOS, NA LOITA"

**Quizais o máis característico da súa traxectoria é ter interpretado moitas das grandes personaxes femininas da historia do teatro. Cal de todas esas mulleres lle deixou unha pegada máis fonda?**

Son moitas porque xa levo moitos anos nisto e cada unha delas foi importante en cada momento. O teatro ten algo marabilloso que é a inmediatez, o aquí e agora, entón é moi difícil dicir esta ou aquela.

**Por exemplo, facendo a Clitemnestra de Yourcenar gañou o Premio Compostela á mellor actriz.**

Si, ademais nese momento quedei embarazada e iso tamén é importante porque a vida e o teatro van xuntos. Por facer fitos, *A marabillosa historia de Marly, a vampira de Vila de Cruces* foi un espectáculo moi especial. Con el estiven non só en toda Galicia, senón en toda España, Arxentina, Uruguai, Venezuela, Portugal... e outras actrices quixeron facelo despois de verme a min. *Clitemnestra*, como non, e *Casa de bonecas* tamén foron relevantes. Nora, aínda que está escrita por un home, ten un gran significado na sociedade do seu momento. Xa nos últimos tempos, destacaría *A raíña de beleza de Leenane*, un traballo de pescuda de emocións, e o que estou facendo agora, *Memoria de Helena e María*, que me está comendo a vida.

**Que personaxe feminina que non fixo lle gustaría levar a escena?**

Sempre hai moitas no tinteiro porque o teatro está inzado delas e hai moitas que xa se me pasaron. Con todo, hai unha que sempre me gustou moito, pero que seguramente nunca interpretarei porque é un espectáculo moi custoso para unha pequena compañía privada: *Dona Rosita*, de García Lorca.

**Seguen escribíndose grandes personaxes femininas no teatro actual?**

Penso que si, ademais hoxe hai moitas máis mulleres na escrita. Dáme moita alegría cando unha autora como Teresa Moure, unha muller de hoxe, culta, nova, con preguntas sobre cal é o sentido da muller, logo de ter escrito narrativa e ensaio, se achega ao teatro. Levar á escena *Unha primavera para Aldara* foi un empeño persoal. O texto que estamos facendo agora é de Roberto Salgueiro, outro autor galego e moi novo, e non ten unha, senón dúas grandes personaxes femininas.

> "TAL E COMO ESTÁ A SITUACIÓN, OU SE SOBE E SE PEGA UN CHOUTO MOI ALTO OU HAI QUE RETIRARSE E VER SE OS MOZOS CREAN NOVAS COMPAÑÍAS E ME CONTRATAN PARA FACER AS AVOAS"

> "RECÓRDOME CON MOITA ENERXÍA E FACENDO O IMPOSIBLE PARA SER ACTRIZ NUNHA SOCIEDADE NA QUE NON ESTABA BEN VISTO"

**Os seus comezos xiran en torno a Teatro da Mari-Gaila. Como lembra aquela época?**

Recórdome con moita enerxía e facendo o imposible para ser actriz nunha sociedade na que non estaba ben visto. A miña familia nun primeiro momento non me apoiou. Ademais, cando eu comecei practicamente non había teatro en Galicia. Marchei a facer cursos fóra e cando regresei o meu primeiro contacto foi con Roberto Vidal Bolaño e Laura Ponte. Coñecinos cando dan o paso da profesionalización, xunto con Rodrigo Roel, e montan *Laudamuco, señor de ningures*. Inmediatamente busquei xente coa que montar un espectáculo e topei con Xúlio [Lago] e Dorotea [Bárcena]. Fixemos *O agnus dei dunha nai*, que foi o xerme de Teatro da Mari-Gaila. Foron catro ou cinco anos nun taller de creación con xornada intensiva, igual que facer unha carreira. Hoxe non hai un traballo de investigación sobre o escenario tan a fondo e bótoo de menos.

**Logo participou na primeira montaxe do CDG, *Woyzeck*. Como foi a posta en marcha da nosa compañía institucional?**

Os comezos non son fáciles para case nada e aquel *Woyzeck* foi rexeitado por moitos sectores por ser un autor estranxeiro, pero descoñécense as circunstancias. Nun primeiro momento escolleuse *Divinas palabras* e xa se estaba traballando cando houbo un problema cos herdeiros de Valle-Inclán, que non deixaron facer a tradución ao galego. Isto chocaba cunha das vocacións coas que naceu o CDG, o impulso da lingua. Entón Xúlio [Lago], que era o director, fixo unha carambola extraordinaria porque *Woyzeck* era o espectáculo que estabamos a preparar en Teatro da Mari-Gaila. Tivo que facer unha dramaturxia específica porque era un espectáculo eminentemente masculino e el xa dispoñía dun reparto feminino que non se podía cambiar. Ese *Woyzeck* foi todo un descubrimento e estivo en varios festivais internacionais cun grande éxito.

**Formou parte durante algún tempo do elenco estable do CDG, como valora a súa evolución?**

O CDG ten unha grande importancia no desenvolvemento do teatro en Galicia. A xente que estabamos nel eramos os mesmos das pequenas compañías pero ter un apoio institucional fai que o público volva a mirada cara ao que ve como máis grande. Na súa evolución houbo cousas máis afortunadas ou menos, pois ao depender dos avatares políticos van cambiando tamén os xestores e os directores. Debera ter unha estrutura máis sólida e non deterse porque haxa un parón político. Fixéronse grandes espectáculos e conseguiuse un espazo propio, o Salón Teatro. Mesmo foi moi importante a nivel social para que os pais non visen tan desencamiñado que os seus fillos quixesen facer teatro e tamén para que moitos actores con traballos sen continuidade se estabilizasen.

**Teatro do Atlántico cumpre 25 anos. Estano a celebrar de xeito especial?**

Telos vivido xa é unha celebración. Tiñamos un proxecto para isto e aínda non conseguimos poñelo en pé. A dinámica dunha pequena compañía é moi complexa. Tal e como está a situación, ou se sobe e se pega un chouto moi alto ou hai que retirarse e ver se os mozos crean novas compañías, con novas estruturas empresariais, e me contratan para facer as avoas. Pero os novos actores non nacen con este espírito; hai excepcións, pero en xeral teñen interese só por triunfar.

**Fan o camiño á inversa, do audiovisual ao teatro.**

Si, en xeral os mozos nacen nese mundo do audiovisual e non hai un interese por montar empresas, ese relevo que nos permita aos maiores irnos retirando xa. O teatro é minoritario e hai que entendelo así, non é mundo de masas e debe ter pequenos locais. As salas xigantes de 2.000 e 3.000 espectadores son o antiteatro. Habería que propiciar compañías estables e de repertorio nas grandes cidades, co que iso significa para a dinamización de todos os públicos dunha cidade e dun sector.

**É cedo para retirarse porque a carreira de actor é de moi longo percorrido.**

Si, pero a carreira empresarial é moi dura e máis nun contexto coma este onde todo está por facer. Pero é o que nos toca e eu son moi consciente de que me tocou pertencer a unha xeración que está creando as bases. E aí seguimos, na loita.





**O feito de non seres unha actriz moi televisiva ou con moitos traballos no audiovisual é unha escolla ou non xurdiron oportunidades?**

Na televisión xurdíronme moitas oportunidades, o que acontece é que estou sempre enredada con temas teatrais. Loxicamente, se ti dis 'non', hai outras moitas persoas que van ocupando ese lugar. Na vida unha está permanentemente escollendo e eu non me podo arrepentir diso.

**Como actriz, que retos, desexos e soños che quedan por cumprir?**

Todos, espero que non se me acaben nunca nin os retos, nin os desexos nin os soños. O reto inmediato que teño, na medida en que o teatro é algo en vivo e en directo, é ser quen de conmover cada espectador que vaia ver *Memoria de Helena e María*. Cando lin no número anterior de *Paraíso* a entrevista a Olveira "Pico", sorprendeume o fácil que é todo para algunhas persoas.

**Sobre iso tamén lle ía preguntar, porque el di que está no teatro para divertirse, non para sufrir. Para vostede o proceso creativo é doloroso?**

A min fascíname o teatro e estou nel non para divertirme, senón para vivir. Subirme enriba dun escenario para encarnar unha personaxe e conectala cun espectador é algo que quixen facer desde nena. "Pico" di que se che mandan buscar unha carta nun caixón, o que tes que facer é buscar a carta no caixón. Iso é moi sinxelo, pero non se trata só diso, senón de quen busca a carta. Non é o mesmo que a busque Marteuil, que Nora ou Gueeshe. Iso é o difícil, iso é o reto e, á vez, iso é o atractivo. Ser quen de mergullarte dentro desa muller, pero a través de quen ti es, é unha vertixe. Un actor tamén ten que ser creador, non unha marioneta que espere a que o director lle diga o que ten que facer. Claro que este oficio é pracenteiro, pero tamén é moi doloroso. O pracer e a dor van moi ligados, o yin e o yang, o branco e o negro, as dúas caras dunha moeda.

**Iso pasa case que en calquera profesión.**

Si, ás veces unha chega fatigada e quere abandonar, pero cando acontece como con *Memoria de Helena e María* e o público engancha contigo, devolve en tal medida o esforzo que puxeches que automaticamente esqueces a dor.

"O teatro é minoritario e hai que entendelo así, non é mundo de masas e debe ter pequenos locais. As salas xigantes de 2.000 e 3.000 espectadores son o antiteatro"

"Subirme enriba dun escenario para encarnar unha personaxe e conectala cun espectador é algo que quixen facer desde nena"







**Que lle gusta facer no tempo libre?**

Gústame moito ler, encántame pasear e tamén estar cos amigos. Saír a camiñar cun amigo discutindo sobre a última novela que lemos é unha das cousas que atopo máis pracenteiras.

**Asistir ao teatro como espectadora está entre as súas afeccións?**

Si, son unha espectadora fiel e vou ver todo canto podo, o bo, o malo e o regular, porque penso que de todo se saca ensinanza e pracer cando che gusta este oficio.

**Para vivir, prefire o campo ou a cidade?**

É un dilema. Adoro o silencio e por iso vin vivir ao campo, pero ás veces tamén é unha escravitude porque dependes sempre do coche e eu aborrezo conducir.

**Que lle dá máis medo, quedar en branco ou atopar baleiro o patio de butacas?**

Nunca quedei en branco, pero sempre soño con iso, é un pesadelo recorrente de todos os actores. Atopar o patio de butacas baleiro é algo terrible, que tamén nos preocupa moito. Mesmo grandes como José Luis Gómez ou Nuria Espert, que sempre van ter un cheo, teñen ese temor.

**Ten algún ritual antes de saír ao escenario?**

Fago sempre unha preparación corporal e vocal para saír á escena no estado óptimo, pero non ten nada que ver co esotérico ou o relixioso do ritual. Ás veces chegas ao teatro logo dunha xornada tremenda e tes que situarte. Como un deportista, tes que quentar os músculos e prepararte mentalmente.

**Hai algún escenario en Galicia no que non actuase aínda e que lle gustaría experimentar?**

Creo que teño todo completo, aínda que en Ourense, por exemplo, sempre estiven no Teatro Principal e sei que agora hai outros espazos. Con todo, non os boto en falta porque o Principal é dos teatros máis fermosos.

**E fóra de Galicia?**

Non actuei nunca no Teatro Español, que é marabilloso.

**Ter funcións calquera día, mesmo festivos, fai difícil compaxinar a vida profesional e a persoal?**

Non considero que sexa difícil e oxalá tivese funcións todos os días. É unha maneira de vivir, como en calquera oficio con quendas de noite. A min non me gusta trasnoitar, pero non me queda máis remedio que facelo. Ademais, fascíname a luz natural e no mundo do teatro estás sempre encerrado na escuridade. Ensaiamos nos veráns porque a tempada comeza en outubro e para min é un sufrimento, pero é moi difícil separar o bo do malo.

**Falando de sufrimento, hai algún director ou directora co que non repetiría porque llo fixo pasar mal?**

A Xúlio [Lago] sempre lle digo nas estreas que é o último espectáculo que fago con el, pero deseguido xa estamos pensando no próximo. Ás veces é moi duro porque somos parella, somos director e actriz e ademais empresarios, pero ao mesmo tempo hai un gran pouso de amor entre nós e de amor polo oficio que fai que se limen as asperezas. Con outros directores tampouco tiven malas experiencias e penso que é unha mágoa que non fosen máis duros e non tirasen máis de min.

**Dígame algún actor ou actriz de referencia para vostede?**

Moitos, pero entre as miñas colegas saben que admiro a Nuria Espert, unha referencia non só como actriz, senón como muller de teatro.



### DENDE A SOMBRA / BUFÓNS E PALLASOS
Magrinyana

Autoría: Antonio Fernández Lera / Dirección: Antonio Fernández Lera / Elenco: Paula Carballeira e Xan Solo
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Unha muller, un home. Voces. A voz dela (pero é de certo ela quen fala?) é a voz dunha poeta. A voz da poesía. A voz del (pero é sempre el quen fala?) é a voz do que nada escoita, de quen impón o silencio. O silencio do poema. Ela é, se cadra, Anna Akhmátova. O seu nome sinala un tempo, un lugar. O tempo en que o cinematógrafo aprendeu a falar. O lugar onde a revolución se disfrazou de cárcere (e nunca máis foi revolución). Quen senón unha poeta podería retar o mandato do silencio? Quen senón unha poeta para atopar a voz coa que obter a vitoria sobre o silencio?

+ info en: *www.aflera.com/magrinyana*



### FRANTASMAS
Producións Acontrabutaca

Autoría: Creación colectiva / Dirección: David Ottone (Yllana) e Xosé Lueiro / Elenco: Fran Rei, Fran Campos e Fran Ameixeiras / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Un antigo casal de estilo vitoriano onde as cadeiras se moven soas, as chemineas ocultan escuros pasadizos e os cadros observan os inquilinos da casa prognosticando terribles asasinatos. Un espectáculo dirixido por David Ottone, director artístico da compañía madrileña Yllana. Unha obra na que o espectador é algo máis que un espectador... Un colaborador necesario que tanto pode meterse na pel dun personaxe como exercer de dedo acusador nunha rolda policial...

+ info en: *www.culturactiva.org*



### IN
Elefante Elegante Teatro

Autoría: María Torres / Dirección: María Torres
Elenco: Ángela Blanco, Fredi Muíño, Gonçalo Guerreiro, María Torres e Nuria Sotelo / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Un espectáculo sensitivo e universal que indaga a representación contemporánea da figura humana. A súa poesía visual nace da fusión do teatro coa danza, o vídeo e as artes plásticas. *In* xorde da confrontación entre o interior e a aparencia. Somos o que parecemos? Somos ou só parecemos? A acción desenvolvese ao redor da celebración dunha voda. A actitude afectada e hipócrita dos noivos e convidados esgótase rapidamente para dar lugar a comportamentos de envexa, celos e luxuria cun pseudoideal de beleza como pano de fondo.

+ info en: *www.elefanteelegante.net*



### LIFE IS A PARIPÉ
Obras Públicas

Autoría: José Prieto / Dirección: José Prieto
Elenco: Iolanda Muíños, César Goldi, Mos
Xénero: Teatro adultos/Comedia

75 minutos de humor dividido entre 11 escenas e pico, multiplicado por 2 intérpretes masculinos sumados a 1 intérprete feminina dá como resultado: 33 por cento de música máis 33 por cento de teatro máis 33 por cento de broma, o que dá un total final de 100 por cen de *paripé*.

+ info en: *lifeisaparipe.blogspot.com*



### EL MAPA NO ES EL TERRITORIO
Cambaleo Teatro

Autoría: Carlos Sarrió / Dirección: Carlos Sarrió
Elenco: Carlos Sarrió, Begoña Crespo, Antonio Sarrió, Pablo Almeida e Gonzalo Buznego / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Unha aproximación á vivencia da creación desde un punto de vista cotián e poético. O espectáculo debúllase nunha serie de reflexións sobre a creación escénica, non uso do punto de vista poético como ferramenta de indagación da realidade e na idea de aproximación á verdade no feito artístico. Todo isto desde un punto de vista próximo, fuxindo de calquera tentación teórica e non sen certo grao de ironía.

+ info en: *www.cambaleo.com*



### GO ON!!
Malasombra

Autoría: Xosé Luis Prieto / Dirección: Marcos Orsi
Elenco: Jouse García e Xoque Carbajal / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Logo da chegada do home á lúa, á humanidade só lle faltaba un reto: a chegada do home a Galicia. No ano 2010 (ano 25 despois de Gayoso), dous intrépidos exploradores tiveron o valor de se introduciren nas descoñecidas terras galaicas a través da ruta xacobea. *Go on!!* recompila esta experiencia límite que deixa os de *Al filo de lo imposible* como simples *boy scouts*.



### KATASTROPHE
Agrupación Sr. Serrano

Autoría: Sr. Serrano / Dirección: Sr. Serrano
Elenco: Diego Anido, Bárbara Bloin, Pau Palacios, Martí Sánchez e Álex Serrano / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

É o ser humano parte da natureza ou é outra cousa? Centenares de osiños de goma, dúas erupcións volcánicas, un terremoto, dous tornados, unha glaciación, tres choivas acedas, unha marea negra, unha fuga radioactiva, catro asasinatos e un xenocidio en directo expoñen de maneira impresionante esta e outras preguntas para que cada espectador saque as súas propias conclusións.

+ info en: *www.srserrano.com*



### LIMPEZA DE SANGUE
Espello Cóncavo

Autoría: Rubén Ruibal / Dirección: Arturo López
Elenco: Sergio Zearreta, Oswaldo Digón, Xavier Pan, Fernando Morán, X. C. Mejuto, Teresa Horro, Estíbaliz Veiga, Rodrigo Roel, Arturo López / Xénero: Teatro adultos/Drama

Obra gañadora do Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais do ano 2005 e Premio Nacional de Literatura Dramática de 2007. Fernando e Pantaleón, procedentes de mundos aparentemente opostos, coinciden, á espera dun transplante ou do inevitable pasamento, na sala de diálise dun hospital. Igualados pola situación e obrigados a se faceren mutua compaña, ven nacer unha amizade inimaxinable.

+ info. en: *www.espelloconcavo.com*



### EXITUS
Titzina Teatro

Autoría: Diego Lorca e Pako Merino / Dirección: Diego Lorca e Pako Merino / Elenco: Diego Lorca e Pako Merino
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Un funerario, un home na busca de emprego, un directivo dun laboratorio farmacéutico e un avogado entremesturan as súas vidas sen que eles mesmos sexan conscientes do destino común que os une. Catro persoas que se enfrontan á morte desde puntos de vista tan diversos como o dunha profesión, unha traxedia ou un acto irreversible da vida.

+ info en: *www.titzinateatro.com*



### HISTORIAS PEREGRINAS
Teatro do Noroeste

**MAGO MARTTYN** _*IlusionArte* [49]

**20** ás 21.00 h _Auditorio Municipal
**ABADA TEATRO** _*Ordem e profresso* [22]

**21** ás 21.00 h _Auditorio Municipal
**TRASPEDIANTE** _*Habelas (version escénica)* [50]

XUÑO

**03** ás 21.00 h _Auditorio Municipal
**TALÍA TEATRO** _*Pelos na lingua* [22]

**12** ás 18.00 h _Auditorio Municipal _**DANI GARCÍA** _*Da' Kara* [49]

**17** ás 21.00 h _Auditorio Municipal
**ELEFANTE ELEGANTE TEATRO** _*In* [20]

**18** ás 21.00 h _Auditorio Municipal
**ENTREMANS** _*En la cuenca de tus ojos* [50]

**19** ás 18.00 h _Auditorio Municipal _**BAOBAB TEATRO** _*Fíos* [40]

## VILAGARCÍA DE AROUSA

FEBREIRO

**25** ás 21.00 h _Auditorio Municipal
**CHÉVERE** _*Citizen (primeira parte)* [13]

MARZO

**25** ás 21.00 h _Auditorio Municipal
**TEATRO DO NOROESTE** _*Historias peregrinas* [20]

ABRIL

**08** ás 21.00 h _Auditorio Municipal
**PRODUCIÓNS TEATRÁIS EXCÉNTRICAS** _*Un cranio furado (A Skull in Connemara)* [31]

**15** ás 21.00 h _Auditorio Municipal
**TEATRO DO ATLÁNTICO** _*Memoria de Helena e María* [22]

**29** ás 21.00 h _Auditorio Municipal
**SóLODOS** _*Sólodos* [51]

# PROGRAMACIÓN REDE GALEGA DE SALAS. XANEIRO-XUÑO 2011

## PROVINCIA DA CORUÑA

### A CORUÑA

#### XANEIRO

**22** ás 18.00 h / **23** ás 12.30 e 18.00 h_Teatro del Andamio
**LA MAGIA DE FREDDY VARÓ** _*La esencia de la magia* [49]

#### FEBREIRO

**05** ás 18.00 h / **06** ás 12.30 e 18.00 h_Teatro del Andamio
**OS CONTOS DE PABLÍSIMO** _*Batería de contos* [38]

**12** ás 18.00 h / **13** ás 12.30 e 18.00 h _Teatro del Andamio
**KATARSIS, EDUCACIÓN E TEATRO** _*Grande, máis grande!* [40]

**26** ás 18.00 h / **27** ás 12.30 e 18.00 h _Teatro del Andamio
**A XANELA DO MAXÍN** _*O rei destronado* [48]

#### MARZO

**05** ás 18.00 h / **06** ás 12.30 e 18.00 h _Teatro del Andamio
**TÍTERES CASCANUECES** _*O fillo do panadeiro* [48]

**12** ás 18.00 h / **13** ás 12.30 e 18.00 h _Teatro del Andamio
**MATAPIOLLOS TEATRO** _*A rebelión do monicreque* [31]

#### ABRIL

**02** ás 19.00 h / **03** ás 12.30 e 19.00 h _Teatro del Andamio
**PINGA TEATRO** _*O bufón do reino* [46]

**09** ás 19.00 h / **10** ás 12.30 e 19.00 h _Teatro del Andamio
**TARABELOS** _*Sabela e o paxaro máxico* [48]

**16** ás 19.00 h / **17** ás 12.30 e 19.00 h_Teatro del Andamio
**LÉGOLAS COLECTIVO ESCÉNICO** _*Daniela. Nanas, mimos, arrullos y cuentos para bebés* [40]

### SANTIAGO DE COMPOSTELA

#### XANEIRO

**15** e **16** ás 20.30 h _Sala Santart
**BRISA TEATRO** _*Condena perpetua* [13]

**22** e **23** ás 20.30 h _Sala Santart
**TEATRO APARTE** _*Caperucita sola* [12]

**23** ás 12.30 h / **24** ás 11.30 h / **29** ás 17.00 h
Arteria Noroeste _**CARAMUXO TEATRO** _*Os Bolechas* [46]

**29** e **30** ás 20.30 h _Sala Santart
**DIAFORA TEATRO** _*Salomé* [22]

#### FEBREIRO

**05** ás 17.00 h / **06** ás 12.30 h / **07** ás 11.30 h
Arteria Noroeste _**PINGA TEATRO** _*O bufón do reino* [46]

**05** e **06** ás 20.30 h _Sala Santart
**TELÓN PARTIDO** _*Maltrátame* [20]

**12** e **13** ás 18.00 h _Sala Santart
**TELÓN PARTIDO** _*Hamletín* [40]

**26** ás 17.00 h / **27** ás 12.30 h / **28** ás 11.30 h
Arteria Noroeste _**PIZZICATTO TEATRO Y TÍTERES**
*El caballero sin caballo* [40]

**26** ás 21.30 h / **27** ás 20.00 h _Sala Nasa
**MACARENA RECUERDA SHEPHERD**
*That's the Story of my Life* [31]

#### MARZO

**05** ás 20.30 h _Sala Santart
**TEATRO NU** _*Coros para despois dos asasinatos* [13]

**12** e **26** ás 20.30 h _Sala Santart
**MICKI NERVIO & THE BLUES MAKERS** _*Concerto* [51]

**13** ás 11.30 h _Arteria Noroeste
**CARAMUXO TEATRO** _*Glub, Glub* [40]

**19** ás 20.30 h _Sala Santart
**SANTIAGO CORTEGOSO** _*A filla de Woody Allen* [08]

**26** ás 17.00 h / **27** ás 12.30 h / **28** ás 11.30 h
Arteria Noroeste _**A XANELA DO MAXÍN** _*O rei destronado* [48]

#### ABRIL

**02** ás 18.00 h _Sala Santart
**TEATRO BURATINI** _*O pazo de papel* [48]

**02** ás 21.30 h / **03** ás 20.00 h _Sala Nasa
**LUSCO E FUSCO** _*Encontros* [49]

**03** ás 20.30 h _Sala Santart
**TEATRO EN PUNTO** _*Cambios de destino* [12]

**09** ás 17.00 h / **10** ás 12.30 h / **11** ás 11.30 h _Arteria Noroeste
**TÍTERES CASCANUECES** _*O fillo do panadeiro* [48]

**09** ás 20.30 h _Sala Santart
**VOLANDO LIBRE** _*Volando libre* [51]

**14** ás 21.30 h _Sala Nasa _**FÁTIMA MIRANDA** _*Presencias* [22]

**16** ás 21.30 h / **17** ás 20.00 h_Sala Nasa
**AGRUPACIÓN SEÑOR SERRANO** _*Katastrophe* [20]

#### MAIO

**07** ás 17.00 h / **08** ás 12.30 h / **09** ás 11.30 h _Arteria Noroeste
**TALÍA TEATRO** _*Carta urxente para Máximo Toxo* [39]

**13, 14, 20** e **21** ás 21.30 h / **15** e **22** ás 20.00 h _Sala Nasa
**PISTACATRO PRODUTORA DE SOÑOS** _*Sapiens sapiens sapiens* [49]

#### XUÑO

**01** e **02** ás 21.30 h _Sala Nasa _**EL CANTO DE LA CABRA**
*Tierra pisada, por donde se anda, camino* [31]

**03** e **04** ás 21.30 h _Sala Nasa _**JANET NOVÁS** _*Cara Pintada, el salto de la rana y otras pequeñas historias* [49]

**10** e **11** ás 21.30 h _Sala Nasa _**CRISTINA MONTERO** _*1ª party* [49]

**17** e **18** ás 21.30 h _Sala Nasa _**TRASPEDIANTE**
*Habelas (version escénica)* [50]

## PROVINCIA DE PONTEVEDRA

### VIGO

#### FEBREIRO

**11** e **12** ás 22.00 h / **13** ás 21.00 h _Teatro Ensalle
**CÍA. DANIEL ABREU** _*Otros rostros* [51]

**25** e **26** ás 22.00 h / **27** ás 21.00 h _Teatro Ensalle
**SANTIAGO CORTEGOSO** _*A filla de Woody Allen* [08]

#### MARZO

**04** e **05** ás 22.00 h / **06** ás 20.00 h _Teatro Arte Livre
**MÓNICA DE NUT TRÍO** _*Concerto* [51]

**11** e **12** ás 22.00 h / **13** ás 20.00 h _Teatro Arte Livre
**KSILOCO MIMO-CLOWN** _*Tresconcerto* [31]

**11** e **12** ás 22.00 h / **13** ás 21.00 h _Teatro Ensalle
**MAGRINYANA** _*Dende a sombra / Bufóns e pallasos* [20]

**18** e **19** ás 22.00 h / **20** ás 21.00 h _Teatro Ensalle
**CAMBALEO TEATRO** _*El mapa no es el territorio* [20]

**18** e **19** ás 22.00 h / **20** ás 20.00 h _Teatro Arte Livre
**DIAFORA TEATRO** _*Salomé* [22]

**25** e **26** ás 22.00 h / **27** ás 20.00 h _Teatro Arte Livre
**AÍD** _*Concerto* [51]

**25** e **26** ás 22.00 h / **27** ás 21.00 h _Teatro Ensalle _**EL CANTO DE LA CABRA** _*Tierra pisada, por donde se anda, camino* [31]

#### ABRIL

**01** e **02** ás 22.00 h / **03** ás 20.00 h _Teatro Arte Livre
**TEATRO DE NINGURES** _*Ñaque, ou de piollo e actores* [22]

**15** e **16** ás 22.00 h / **17** ás 21.00 h _Teatro Ensalle
**SAPRISTI** _*Por que o meniño se coce na polenta?* [22]

**29** ás 22.00 h _Teatro Ensalle _**HELEN BERTELS** _*Wir Frauen* [51]

#### MAIO

**27** e **28** ás 22.00 h / **29** ás 21.00 h _Teatro Ensalle
**AGRUPACIÓN SEÑOR SERRANO** _*Katastrophe* [20]



### SEXO? POR QUE NON?
Eme2 emoción&arte

Autoría: Franca Rame, Dario e Jacopo Fo
Dirección: Álvaro Lavín / Elenco: Mercedes Castro
Xénero: Teatro adultos/Comedia

Por que case nunca falamos de sexo? Por que, se o facemos, sempre o tomamos desde os complexos e o estereotipo? Xa que o sexo é unha parte central das nosas vidas, por que nos é tan difícil compartir as experiencias que o rodean? Fuxindo do bombardeo pornográfico, do tópico e do chiste fácil, *Sexo? Por que non?* é unha comedia trepidante na que desde Adán e Eva ata os nosos días se mostran situacións cotiás en torno ao encontro carnal.

+ info. en: *www.emedous.com*



### THAT'S THE STORY OF MY LIFE
Macarena Recuerda Shepherd

Autoría: Macarena Recuerda Shepherd
Dirección: Macarena Recuerda Shepherd
Elenco: Macarena Recuerda Shepherd
Xénero: Teatro adultos/Outros

Unha autobiografía. Un filme realizado en directo. Unha experiencia diferente.

+ info en: *www.macarenarecuerdashepherd.com*



### TIERRA PISADA, POR DONDE SE ANDA, CAMINO
El Canto de la Cabra

Autoría: Elisa Gálvez e Juan Úbeda / Dirección: Elisa Gálvez e Juan Úbeda / Elenco: Elisa Gálvez e Juan Úbeda
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Unha corda que se balancea suspendida nun cravo incrustado nunha parede. Unha parede cun cravo incrustado do que pende unha corda. Un cravo cunha corda suspendida incrustado nunha parede. Eu, a corda, o cravo, a parede. Poderá un ollo distraído ver o voo dunha folla, hoxe que todo nace para morrer inmediatamente?



### UN CRANIO FURADO (A SKULL IN CONNEMARA)
Producións Teatráis Excéntricas

Autoría: Martin Mc Donagh
Dirección: Quico Cadaval
Elenco: Dorotea Bárcena, Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira, Santi Romai
Xénero: Teatro adultos/Comedia

Os feitos acontecen nun país de chan acedo e alta pluviosidade. Podía ser Connemara como podía ser Bergantiños. No cemiterio arredor dunha cova aberta convócase toda a curiosidade e a malicia dos sobreviventes. O enterrador local, Mick, ten que trasladar os restos da súa esposa, morta sete anos atrás de accidente de tráfico. Mais hai moitos que pensan que non foi un accidente. Non é unha peza de terror, non é un policial inglés, non é unha serie de TV de forenses, non é unha festa dos defuntos... mais ten un pouco de todo.

+ info. en: *www.excentricas.net*



### VIVA A CRISE!
Fulano, Mengano e Citano

Autoría: Manuel Botana, Manuel Pombal e Suso Pando
Dirección: Manuel Pombal
Elenco: Manuel Botana, Manuel Pombal e Suso Pando
Xénero: Teatro adultos/Comedia

Hai realmente crise ou é que estamos de resaca? Mentres "outros" o pensan e buscan solucións, nós aplicaremos as únicas menciñas coñecidas que existen contra este mal: pastillas de enxeño, xarope de humor e inxeccións de retranca. *Viva a crise!* é unha serie de divertidísimas historias enlazadas, tratadas cun humor acedo e actual, que se desenvolven ao redor desta enrevesada e difícil etapa. A fórmula ideal para aliviar o mal tempo que se aveciña.

+ info en: *www.fulanomenganocitano.com*



### TRESCONCERTO
Ksiloco Mimo-Clown

Autoría: Sergio Otero / Dirección: Sergio Otero
Elenco: Sergio Otero, Marcos Legrá, Rafa Reina e Vikas Tripathi / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Espectáculo que funde o drama e o humor a través do teatro de máscaras e xestual e da danza-teatro. Tres historias "normais" coas que o público se identifica observándoas ao mesmo tempo como algo alleo. A procura dunha identidade propia na nosa relación cos outros, coa natureza e con nós mesmos son os fíos que atan o discurso nunha coidada estética e inspiradora banda sonora.



### VOLPONE
Talía Teatro

Autoría: Ben Jonson / Dirección: Roberto Salgueiro
Elenco: Artur Trillo, Toño Casais, María Ordóñez, Dani Trillo, Marta Ríos, Diego Rey, Gustavo G. Dieste, David Creus e Rubén Prieto / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Unha divertida comedia que retrata satiricamente nobres e non tan nobres señores, que teñen como principal interese reunir fortunas sen importar o ridículo que teñan que facer nin o custo que outros teñan que pagar. O señor Volpone é un nobre, dono de abundantes riquezas, que finxe estar no seu leito de morte co fin de enganar os que desexan herdar a súa fortuna, ofrecéndolles a través do seu criado, o astuto Mosca, ser os seus únicos herdeiros.

+ info. en: *www.taliateatro.es*



### A PEQUENA LÚA
A Xanela do Maxín

Autora: Celtia Figueiras / Dirección: Luis Vallecillo
Elenco: Celtia Figueiras / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Unha proposta chea de tenrura e amor, na que os nosos protagonistas, uns pequenos gatos, descubrirán que con comprensión, esforzo e moita ilusión se pode superar calquera dificultade.

+info. en: *www.axaneladomaxin.com*



### A REBELIÓN DO MONICREQUE
Matapiollos Teatro

Autoría: Araceli Gonda / Dirección: José Campanari e Jorge Yáñez / Elenco: Marta Rivas e Carlos Coira
Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Anteollos e Trapos son dous monicreques que, como moitos outros, viven esquecidos nun armario. Pero... que pasaría se un deles quixese cambiar de vida? Trapos está farto de vivir nese armario e quere ter pés para vivir como un neno e facer as cousas que fan os nenos. Unha couza vaille dar a solución pero, cando consegue ser un neno, comeza unha nova aventura.

+ info en: *www.matapiollos.com*



### ANDAINAS DUN MONICREQUE
Os Monicreques de Kukas

Autoría: Marcelino de Santiago (Kukas)
Dirección: Isabel Rey Pousada / Elenco: Kukas, Alberte Viveiro, Borja Insúa, Isabel Rei e Miguel Cabaleiro
Xénero: Teatro infantil/Monicreques

A visión desde o punto de vista da marioneta do proceso teatral e da súa relación co manipulador serve de pretexto para amosar o mundo do teatro por dentro, o que sucede entre bambolinas desde que xorde a idea de crear un espectáculo teatral ata a caída do pano ao rematar a representación. Todo representado en clave de humor e conxugando o traballo dos actores coa animación das marionetas.

+ info en: *www.kukas.biocultural.net*




### AREA E AUGA
Teatro del Andamio

Autoría: Álvaro Guevara / Dirección: Álvaro Guevara
Elenco: Gema Ulloa, Carmen Blanco, Ignacio Martín e Álvaro Guevara / Xénero: Teatro infantil/Comedia

Hai xente que bebe area, pero non porque lles guste, senón porque nunca probaron a auga. Que contamos? O que lle sucede a catro persoas que viven a cada lado dunha parede e un día empezan a vincularse cos seus veciños. Que rescatamos? O valor de vencer o medo ás situacións novas e descoñecidas que enfrontamos a diario.

+ info en: *www.teatrodelandamio.com*

# SÓLO DOS

## A DANZA SEN FRONTEIRAS

Neodans é agora sólodos. Maruxa Salas e Erick Jiménez veñen de iniciar unha nova etapa cun espectáculo que percorre o camiño andado desde 2004 ata agora. Catro pezas para dous bailaríns nas que se borran os lindes entre clásico e contemporáneo para simplemente comunicar sensacións. En La Habana conectaron con 4.000 persoas. De Galicia a Tenerife, Madrid, Chiapas ou Costa Rica, o seu traballo medra á calor do público.





Son aínda novos, pero levan anos bailando, facendo coreografías, formándose e formando, xuntos e por separado. Sobre os alicerces sólidos de Neodans, nome co que presentaron varios traballos desde 2004, a galega Maruxa Salas e o costarriqueño Erick Jiménez puxeron en marcha este ano o proxecto SóLODOS. En maio estrearon no Jofre de Ferrol o espectáculo *Sólodos, pequenos relatos bailados*, unha proposta que xunta catro pezas independentes creadas entre 2004 e 2010. Decidiron que o punto de partida do proxecto fose unha posta ao día. "Tiñamos que recoller o que xa fixeramos e a partir de aí empezar", sinala Maruxa Salas; "con esta retrospectiva o que facemos é amosar con orgullo o paso do tempo sobre nós, o cambio a nivel técnico e estético entre a primeira e a última peza", engade Erick Jiménez.

*Mareia* foi creada en 2004, *Caracola* gañou varios premios en 2007, *Nozomi* naceu en 2009 e *Vigilia en ausencia* en 2010. Catro pezas para dous intérpretes, con coreografías de Maruxa e Erick, pero ás que tamén achegaron moito os outros dous bailaríns, Amparo Novas e Manuel Garzón, e o resto do equipo, con Santiago Magnasco na dirección técnica e iluminación, e Víctor López Carbajales na produción. Desde que foron concibidos ata hoxe cada un dos dúos de danza foi mudando. "En esencia son as mesmas pezas, só que desenvolvemos cousas: o vestiario, os pasos, a perspectiva, o espazo..." , explica

**"Con esta retrospectiva o que facemos é amosar con orgullo o paso do tempo sobre nós, o cambio a nivel técnico e estético entre a primeira e a última peza"**

***Mareia* foi creada en 2004, *Caracola* gañou varios premios en 2007, *Nozomi* naceu en 2009 e *Vigilia en ausencia* en 2010**

Erick Jiménez, que cita o coreógrafo Iván Tenorio para subliñar que "as pezas non se melloran, desenvólvense".

Coa última en chegar, *Vigilia en ausencia*, participaron en decembro no Certamen Coreográfico de Madrid. "Fala da fusión dos corpos, o encontro de dúas persoas, o rito, o mito, a festa. Maruxa está todo o tempo sen tocar o chan, como unha procesión de dous corpos nun", di Jiménez. A peza construírona sobre un tema de Mercedes Peón. "Non é que vaiamos coa música, senón que a música vai con nós", aclara Maruxa Salas. O proceso de creación desta peza prolongouse ao longo de todo un ano e aínda continúa. "Descubrimos unha chave e creo que hai unha gran profundidade para seguir", sinala. Esa chave abre unha porta, que quizais sexa o xerme do seu próximo espectáculo. Pero iso é algo que non os preocupa. Queren seguir gozando da súa proposta actual. No Centro Cultural A Fábrica de Oleiros continúan a facer evolucionar os seus relatos bailados. "Os espectáculos nacen, desenvólvense e morren", reflexiona Erick. "Este espectáculo está aínda nacendo, e para deixalo tería que ter a necesidade artística de non querer bailalo máis". Por agora aínda ten percorrido por diante.

Cada unha das catro pezas de *Sólodos* agocha unha narración na que os movementos dos bailaríns dialogan co espazo, a iluminación e a música para que as sensacións flúan do palco ao patio de butacas. Non é unha demostración de virtuosismo técnico nin un exercicio de vangarda. Tampouco unha suma de clixés. "Queremos ser sinceros co que facemos", di Maruxa Salas, "que non quede nuns simples pasos, que haxa algo de verdade



cada vez que nos subimos ao escenario, que os bailaríns estean aí nese momento". Erick Jiménez apunta que "ás veces a xente espera danza posmoderna, pero nós tentamos ir máis alá para centrarnos na comunicación co público".

**Ansias compartidas**

Esa comunicación está a funcionar. En novembro viaxaron a Cuba para participar no XXII Festival Internacional de Ballet de La Habana. A súa proposta salta barreiras para situarse coa mesma comodidade en certames contemporáneos e clásicos. Alí compartiron cartel con nomes como Tamara Rojo, Julio Bocca ou o American Ballet e coñeceron outra maneira de vivir a danza: teatros cheos, revenda de entradas, danza na televisión, xente que os paraba pola rúa para felicitalos... Dúas veces encheron o Teatro Mella, con 1.500 butacas. En tres actuacións xuntaron 4.000 persoas. Á volta actuaron en Tenerife, e antes estiveron noutras cidades e vilas de Galicia e de España. Con centos de persoas no patio de butacas ou só unhas poucas ducias, a recepción sempre é boa: "Os públicos son moi diferentes, pero está o común denominador de que as nosas ansias son as mesmas que hai en todos eses lugares", di Erick. "Hai que dedicarlle tempo a aprender do público; velo, escoitalo, sentilo e enfocar o teu traballo a iso", engade.

"QUEREMOS SER SINCEROS CO QUE FACEMOS, QUE NON QUEDE NUNS SIMPLES PASOS, QUE HAXA ALGO DE VERDADE CADA VEZ QUE NOS SUBIMOS AO ESCENARIO"

Na busca deses públicos, SóLODOS ten unha clara vocación internacional. Ao cabo, preséntanse como unha compañía galego-costarriqueña e exercen como tal. Unha ou dúas veces por ano viaxan a Costa Rica para actuar, impartir clase, formarse, facer coreografías e compartir experiencias con outros bailaríns e coreógrafos. A última viaxe fixérona a finais de decembro e en abril chegarán a México para participar nun festival en Chiapas.

"Formeime en Costa Rica e toda a bagaxe que me acompaña fai que teña unha forma diferente de sentir o ritmo", explica Erick, que cre que iso "enriquece máis a compañía". Mentres el provén da danza contemporánea, Maruxa Salas formouse no ballet clásico. "Aínda levo as puntas na bolsa", recoñece. A inquietude de ambos por ir máis aló fixo que confluísen nun punto intermedio e enriquecedor, no que un aprende do outro e a insatisfacción serve de estímulo para avanzar. Nas palabras de Erick Jiménez: "Cantas máis cores haxa para pintar, a paisaxe vai ter máis sutileza".



# EMOCIÓN PARA NENOS E NENAS ESPELIDOS

A imaxe dos tíos histriónicos beliscándolle as moufas aos sobriños é a que amosa con máis clarividencia o pouco xeito que ás veces temos os maiores cos pequenos. Caramuxo Teatro naceu para evitar o histrionismo que tamén amosa a miúdo o teatro infantil e para artellar propostas acordes co gusto deste público, o máis espelido. Desde os seus comezos, alá polo ano 2003, puxo a andar quince proxectos e fixo un importante achado, o teatro para bebés, que estaba sen explorar en Galicia. Asomou a pata por esa fenda e axiña meteron tamén un pé outras compañías como Trompicallo e Katarsis.

"As obras infantís ás veces están feitas como se os nenos fosen parvos e hai temas que parece que non se poden tocar, pero os cativos entenden perfectamente todo se llelo explicas ben", di Laura Sarasola, a metade de Caramuxo Teatro. "Son espectáculos moi próximos, que requiren que o que ti estás expresando teña verdade, pois os pequenos son máis intuitivos coas sensacións", comenta Juan Rodríguez, a outra metade da compañía. Os dous estudaron maxisterio e afondaron no teatro como recurso educativo, polo que están convencidos de que esa bagaxe lles axudou a entender mellor o seu público cando se puxeron mans á obra.

Logo de sete anos, gustaríalles ter desenvolvido un estilo de seu e que a xente comezase a utilizar á saída dos teatros frases do tipo: "isto é moi Caramuxo". Non van por mal camiño e xa agroman algúns trazos de identidade. Laura tira máis cara á danza e o teatro físico, mentres que Juan transita polo mundo dos monicreques. Peneirando estas linguaxes xermola Caramuxo, sempre cunha imaxe moi coidada e moi limpa nas súas diferentes facetas: teatro de actor, monicreques de mesa, monicreques de luva e teatro de rúa. *A festa do dragón*, *Lazarillo*, *Animaliños*, *Vagamundos*, *Os Bolechas*... son todas montaxes concibidas para nenas e nenos aleutos, pero tamén buscando un nivel de lectura para os adultos, pois non lles gusta que os pais deixen os fillos no teatro e marchen tomar un café.

**As de bebés**

Juan Rodríguez traballou durante un tempo nunha escola infantil. Despois de probar diferentes estratexias para atraer

# MUXO
# TRO



"AS OBRAS INFANTÍS ÁS VECES ESTÁN FEITAS COMO SE OS NENOS FOSEN PARVOS E HAI TEMAS QUE PARECE QUE NON SE PODEN TOCAR, PERO OS CATIVOS ENTENDEN TODO SE LLELO EXPLICAS BEN"



### BAJO MI CAMA UNA ESTRELLA
La Tirita de Teatro

Autoría: La Tirita de Teatro / Dirección: Alberto Alfaro
Elenco: Paco Úbeda / Germán Scasco / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Miguel non é moi forte, nin moi áxil, nin moi rápido, pero é moi valente... Home!, como todo o mundo ten un pouco do susto do amor, comeza a tremer cada vez que a ve a ela. Pero é moi moi valente... sempre que sexa de día e con sol, porque pola noite cando se vai a luz alí están a penumbra, que lle impide ver as cousas, e as sombras que parecen outras cousas, e os ruídos...

+ info en: *www.agada.es*



### BATERÍA DE CONTOS
Os Contos de Pablísimo

Autoría: Pablo Sánchez / Dirección: Pablo Sánchez
Elenco: Pablo Sánchez e José García / Xénero: Teatro infantil/Outros

Un contador de contos acompañado polo envolvente son da percusión. Un contador e máis un batería farán "soar" diferentes historias e contarán diferentes sons.

+ info en: *www.pablisimo.es*



### BICHARADA
Berrobambán Teatro

Autoría: Chiqui Pereira / Dirección: Evaristo Calvo
Elenco: Paula Carballeira, Chiqui Pereira, Anabell Gago e Patricia de Lorenzo (voz en off) / Xénero: Teatro infantil/Outros

Unha araña e unha formiga viven tranquilas na paz do seu recuncho. Ata que un día aparece un animal misterioso... Un escaravello! Desde a primeira luz, o público –nenas e nenos, grandes e pequenos– entra no mundo de *Bicharada*, gozando e sentindo unha historia tan máxica como simple, tan sincera como divertida, tan imaxinaria como real.

+info. en: *www.berrobamban.com*

**Facer teatro para bebés non é calquera cousa e ten un protocolo especial: non se admiten máis de 80 espectadores, hai que sentar paseniño e queda prohibido entrar coa obra comezada**



a atención dos cativos, pensou que podía ser interesante facer un espectáculo para bebés de 6 meses a 3 anos. Así xurdiu *Glub, glub*, unha montaxe delicada, chea de detalles, que conta a amizade entre un barquiño de papel afundido e un peixe rebuldeiro. O desconcerto inicial dos que pensaban que os bebés non se ían decatar de nada esmoreceu co bo funcionamento da peza, que mesmo foi seleccionada para celebrar os 125 anos do teatro galego.

"Aprendín moito vendo a Juan facer *Glub, glub*, mirando como reaccionaban os nenos. Esa experiencia fixo que fose máis fácil para min representar *Zapatos*", explica Laura Sarasola. Caramuxo estreou a segunda de bebés en novembro de 2008, unha proposta ben poética sobre as vivencias dos zapatos que xa non teñen dono. Foi outra gran sorpresa, que confirmou que existe espazo para este tipo de teatro. Esta peza continúa a darlles satisfaccións. Acaba de conseguir unha mención especial no Festival de Títeres Vall d'Albaida de Valencia e esta tempada é un dos espectáculos recomendados na Red Española de Teatros.

**Logo de sete anos, gustaríalles ter desenvolvido un estilo de seu e que a xente comezase a utilizar á saída dos teatros frases do tipo: "isto é moi Caramuxo"**

Agora saben que facer teatro para bebés non é calquera cousa e mesmo ten un protocolo especial: non se admiten máis de 80 espectadores, hai que sentar pase-



niño e queda terminantemente prohibido entrar coa obra comezada. Mais os programadores son teimudos e cando queda moita xente fóra cústalles entender a limitación de capacidade dos locais. Neste caso, bastante frecuente, Laura e Juan prefiren facer dous pases a facelo mal.

### A máis veterana

Como é posible que unha pequena pebida de mazá se converta nunha grande árbore? Ao redor deste misterio xira *Historia dunha semente*, a obra máis veterana de Caramuxo Teatro. Unha maceira enche a vida da pradaría e ao seu carón hai galiñas que non poñen ovos, raposos con moita fame, unha mosca namoradeira en busca do moscón perfecto para casar e unha nube e un sol moi peculiares. Estreouse en marzo de 2004 e desde entón sumou 120 funcións e preto de 20.000 espectadores. “Non a xubilamos porque segue funcionando moi ben e con todos os públicos, nenos e maiores”, asegura Laura. Para Juan é o espectáculo “máis todoterreo” da compañía, xa que practicamente se pode facer en calquera escenario. A vida desta fábula vai para longo porque acaban de renovar todos os bonecos e queren mudar tamén a escenografía.

Caramuxo Teatro está de estrea esta tempada nun dobre sentido: ten obra nova, *Mensaxe sen botella*, e muda de metodoloxía de traballo. Por primeira vez conta cunha colaboración externa para codirixir o espectáculo, a de Olga Margallo. “Por cuestións económicas non o puidemos facer antes e xa sentiamos que nos facía falta”, sinala Juan. Laura está convencida de que o resultado non sería o mesmo sen este apoio, pois, segundo comenta, “Olga ten unha visión moi particular das emocións adaptadas aos nenos”.

### Aventura, emoción e maxia

Despois do éxito de *Os Bolechas*, querían volver ao teatro de actor cunha proposta moi coidada visualmente e que asemade tivese aventura, emoción e maxia. Saíu entón *Mensaxe sen botella*, unha historia de amizade entre dúas persoas ben distintas, cunha escenografía moi cinematográfica.

Jean Pierre Dumond é un home maniático e perfeccionista, que se dedica a recoller as mensaxes que chegan polos canos ao seu faiado dentro de botellas. O seu compañeiro alado Gastón é o encargado de deixar as misivas no peitoril das ventás dos destinatarios. Dumond é feliz na súa rutina, ata que un día chega unha botella sen mensaxe, unha mensaxe sen botella... Bloqueado ante o imprevisto, ten que vir xestionar o correo unha moza afeita a novas formas de traballar. Aí xorde o conflito, pero pouco a pouco tamén a amizade e outras sorpresas.





**CARLOTA E MARIETA DAN A VOLTA AO PLANETA**
A Loca-Motora

Autoría: A Loca-Motora / Dirección: A Loca-Motora
Elenco: Eva Vila / Xénero: Teatro infantil/Outros

Imaxina que atopas na casa unha misteriosa caixa que di: “Quen abra esta caixa terá que dar a volta ao mundo en 80 días, nin un día máis... Que farías ti?” Un espectáculo de pequeno formato que se recrea na ilusión de viaxar, de coñecer outras terras, outras culturas e outras xentes. Unha montaxe na que a imaxinación e a fantasía se mesturan co humor e aventura.

+ info en: *www.alocamotora.com*



**CARTA URXENTE PARA MÁXIMO TOXO**
Talía Teatro

Autoría: Diego Rey / Dirección: Diego Rey
Elenco: Dani Trillo e Marta Ríos / Xénero: Teatro infantil/Comedia

Máximo Toxo é un gran escritor, aínda que pouco coñecido. Vive pechado na súa casa, buscando acadar a obra perfecta, o libro polo que será recordado eternamente (e que lle permitirá pagar as súas débedas). Por outro lado, está a Belinda, que traballa como carteira, aínda que con ansias de progresar. É unha muller alegre e chea de vitalidade, algo inxenua (máis ben un pouco parva), e sempre confía na xente que a rodea. Que pasará cando tales personaxes se atopen?

+ info en: *www.taliateatro.es*




**CINDERELA MIX**
Artello Teatro alla Scalla 1:5

Dirección: Manuel Pombal / Elenco: Rosa Hurtado, Santiago Montenegro e Simón Piñón / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Cincenta? Cenerentola? Rhodopis? Cendrillon? Yeh-Shen? Cenicienta? Aschenputtel? Cinderella? Popelka? Gata Borralheira?... Existe desde o século I a.C. e é o conto con máis versións da historia da humanidade. A nosa versión é a fusión de tres olladas diferentes sobre este conto. Son as olladas de tres chaíñas. Tres personaxes que converxen accidentalmente. A partir dos pequenos conflitos da súa vida cotiá, vense engaiolados por unha historia que os leva a xogar, a mesturar... A compartir.

Tres olladas humildes, cheas de ilusión, de poesía, de cor, de música, de tenrura e de humor.

+ info en: *www.artello.com*



## CONTOS NO AR
### Artestudio Teatro

Autoría: Ramiro Neira / Dirección: Ramiro Neira
Elenco: Ramiro Neira / Xénero: Teatro infantil/Comedia

Esta é a historia dun cazador de contos, Peter Hamelin Merlín, tamén chamado "Ti". Os contos son como bolboretas ou avioncińos de papel, hai algúns grandes e outros pequenos, hai bolboretas amarelas e contos alegres, hai bolboretas negras e contos tristes, e todos "revoan" por ese marabilloso Mundo das Ideas, concretamente no País dos Contos. Onde queda? "Ti" caza contos, ponos en gaiolas que el mesmo fai coas palabras e entrégallelos así aos nenos.



## DANIELA. NANAS, MIMOS, ARRULLOS Y CUENTOS PARA BEBÉS
### Légolas Colectivo Escénico

Autoría: Carmen Fernández Calvet e Manuel Castaño Crespo / Dirección: Légolas Colectivo Escénico
Elenco: Carmen Fernández Calvet e Manuel Castaño Crespo / Xénero: Teatro infantil/Outros

Espectáculo para bebés baseado en nanas, aloumiños, arrolos e contos para bebés. Daniela amence nos brazos da súa mamá, con lagañas nos ollos e caca no cuíño. O sol sae para Daniela, e con el chega un carrusel de novas emocións, de números e cores que se enredan nas súas coletas, de peidos e aloumiños do seu pai, de arrolos e nanas da súa nai, dun baño cheo de pompas de xabón. Este espectáculo de bebés está pensado para que mamás, papás e bebés xoguen xuntos, para que se sorprendan mutuamente, para que se consintan, para que xuntos soñen.

+ info en: *www.legolas.com.es*



## EL CABALLERO SIN CABALLO
### Pizzicatto Teatro y Títeres

Autoría: Gerardo Capobianco / Dirección: Rosana Beldarrain / Elenco: Gerardo Óscar Capobianco
Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Hai moito tempo, nunha época máxica chea de misteriosos seres e castelos encantados, un trobador cantou esta historia. O Cabaleiro sen Cabalo é un personaxe singular que viviu fantásticas aventuras e o seu soño máis prezado: rescatou unha bela princesa das gadoupas sinistras do malvado Bruxo. Unha historia de acción e disparates en tempos medievais.

+ info en: *www.pizzicatto.com*



## EL FLAUTISTA MÁGICO
### Teatro Paraíso Sal

Autoría: Claudio Casadio / Dirección: Claudio Casadio
Elenco: Tomás Fernández Alonso, Arrate del Río, Ramón Monge / Xénero: Teatro infantil/Comedia

Soarán vellas e máxicas melodías. O reloxo dunha estación perdida parará o tempo a toque de asubío e o vento, o incansable vento, murmurará outra vez ao oído a célebre e renovada historia do frautista de Hamelin.

+ info. en: *www.teatroparaiso.com*

## FÍOS
### Baobab Teatro

Autoría: Andrea Bayer / Dirección: Andrea Bayer
Elenco: Andrea Bayer e Daniel Abalo / Xénero: Teatro infantil/Contemporáneo

Un espectáculo para espertar os sentidos dos máis pequenos. Unha obra que fía palabras, tece contos, calceta historias e cose puntada a puntada cada nota de música.

+ info en: *www.baobabteatro.com*



## FRANKENSTEIN
### Ghazafelhos

Autoría: Pepablo Patinho / Dirección: Pepablo Patinho
Elenco: Pepablo Patinho, Montse Piñón, Jorge Casas
Xénero: Teatro infantil/Comedia

Que pode agocharse tras un castelo escuro perdido no medio das montañas...? Quizais algo que non quere ser descuberto ou quizais algo que espera que o descubran... A Dra. Mon Champignom e o Dr. Pe Arrepío veranse inmersos nunha nova aventura aterradora nas entrañas dun castelo onde nada é o que parece... Ghazafelhos parte dun clásico como Frankenstein para afondar nas diferenzas que, ás veces, nos fan sentir mal...

+ info. en: *www.ghazafelhos.es*



## GLUB, GLUB
### Caramuxo Teatro

Autor: Juan Rodríguez / Dirección: Juan Rodríguez
Elenco: Juan Rodríguez / Xénero: Teatro infantil/Outros

Caramuxo Teatro presenta o primeiro espectáculo de teatro para bebés realizado en Galicia. É unha montaxe para nenos de 6 meses a 3 anos acompañados por adultos. *Glub, glub* conta a historia da amizade entre un barquiño de papel afundido no fondo do mar e un peixe rebuldeiro. Unha montaxe chea de estímulos e cunha linguaxe sinxela, case xestual que introduce os máis novos nunha aventura fantástica e sorprendente. Unha oportunidade para gozar cos fillos da primeira viaxe polo mundo do teatro.

+info. en: *www.caramuxo.net*



## GRANDE, MÁIS GRANDE
### Katarsis, Educación y Teatro

Autoría: Creación colectiva / Dirección: Kevin Stewart e Carolina Ramos / Elenco: Kevin Stewart e Estíbaliz Veiga
Xénero: Teatro infantil/Outros

Esta é unha historia de grandes e pequenos. Hai bolboretas que bolboretean. Hai tamén caracois grandes, medianos e pequenos. Hai vermes que vermean. Teño unhas ganas tolas de ver un animal grande, enorme, grandísimo.

+ info en: *www.katarsiseyt.com*



## HAMLETÍN
### Telón Partido

Autor: William Shakespeare / Dirección: Raquel Pintos Rosendo / Elenco: Nahuel Paxaro e Raquel Pintos
Xénero: Teatro infantil/Monicreques

*Hamletín* non é unha obra  ao uso, é unha adaptación para nenos do clásico *Hamlet* de William Shakespeare. O protagonista da obra é Hamlet, pero visto dende a dozura dun neno. No mundo de Hamletín a traxedia de Shakespeare toma trazos de inocencia, transportando o espectador a un mundo máxico, onde se atopa cun príncipe namorado, unha caveira tola, un rei malvado, unha pantasma que baila éxitos do verán... No mundo de Hamletín aínda existen valores tan importantes como o amor, a amizade, a coraxe e a lealdade.

+ info. en: *www.telonpartido.com*



## KONRAD OU O NENO QUE SAÍU DUNHA LATA DE CONSERVAS
### Sarabela Teatro

Autoría: Christine Nöstlinger / Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda / Elenco: Elena Seijo, Fernando Dacosta, Tito R. Asorey, Nate Borrajo, Sabela Gago / Xénero: Teatro infantil/Comedia

A señora Bartolotti, que carece de experiencia cos nenos, recibe un día pola vía máis inusitada –por correo– un fillo de sete anos: Konrad, o neno que saíu dunha lata de conservas. Con moita inspiración e humor, cóntanse nesta obra as emocionantes e divertidas situacións nas que se ve envolta a señora Bartolotti pola presenza de Konrad, e como o defende cando se descobre que houbo unha equivocación na entrega a domicilio do neno.

+ info. en: *www.sarabelateatro.com*



## LUME
### Teatro Babaluva

Autoría: Inspirado nun texto de Alberto Varela Ferreiro
Dirección: Mariza Basso / Elenco: Larraitz e Mirari Urruzola / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Nun bosque onde vivían moitos animais  algo pasou que fixo ladrar o can.... Unha lapa chegou con ganas de facer lume e fume. O can chamou á vaca, a vaca ao cervo, o cervo á xabarila, a xabarila á landra, a landra preocupada foi buscar o moucho que avisou a araña. A araña viu ao ourizo, o sapo alertou á garza, que estaba comendo miñocas. A eiruga falou coa bolboreta, voluntariosos chegaron a vacaloura e o esquío. E así foi como axudándose uns a outros prepararon un plan para apagar o lume.



## MALAS PALABRAS
### Katarsis, Educación y Teatro

Autoría: Perla Szchumacher / Dirección: Kevin Stewart
Elenco: Estíbaliz Veiga / Xénero: Teatro infantil/Contemporáneo

Esta é a historia de Flor, unha escritora que desde o seu escritorio recorda como sucedeu un dos feitos máis importantes da súa vida. Flor descobre aos 10 anos o segredo mellor gardado polos seus pais: é adoptada. No seu escritorio os obxectos que a rodean cobran vida e axúdanlle a contar a súa historia, adoptando as formas de todos os personaxes que interveñen: Pelos, o seu mellor amigo; Benítez, o veciño maltratado; os seus pais; a súa tía e a mestra.

+ info en: *www.katarsiseyt.com*

# O teatro cun cranio furado

Alberto Ramos

"O teatro está a vivir a situación máis crítica dos últimos trinta anos". Con esta advertencia recolleu o Premio da Cultura Galega das Artes Escénicas Eduardo Alonso. Este home que leva a escena nas veas non se equivoca. A situación económica golpea con forza e as bambolinas estanse a resentir coa incerteza. Non obstante, as artes escénicas galegas fixeron súa esa máxima de que a fame agudiza o enxeño e o nivel creativo das compañías galegas, lonxe de minguar, aumentou e fixo da necesidade virtude. Mostra desa actitude de resistencia ante as dificultades que marca o poderoso señor Don Diñeiro, as artes escénicas do país seguen con forza. Proba diso é que no primeiro semestre deste ano un total de 521 representacións encherán de teatro, maxia, danza e música a Rede Galega de Teatros e Auditorios e a Rede Galega de Salas. En total actuarán 102 compañías, das cales 82 son galegas, nestes dous circuítos de distribución de espectáculos que xestionan desde a Agadic.

De todos os espectáculos resulta imposible falar e só podemos destacar algúns casos que, sen desprezar os demais, exemplifican a mala saúde de ferro das artes escénicas do país en xeral e do teatro en particular. Un bo comezo para reflectir a calidade sería a obra *Un cranio furado*, de Producións Teatráis Excéntricas. A obra xunta en escena a Víctor Mosqueira e Evaristo Calvo –as dúas caras desa moeda de bo pagador teatral coñecida co nome de Mofa e Befa– con Dorotea Bércena e Santi Romay. Todos baixo as ordes dun Quico Cadaval que dirixe a adaptación dun texto irlandés que destila humor negro e retranca. Pola súa banda, Espello Cóncavo leva por fin á escena *Limpeza de sangue*, obra de Rubén Ruibal premiada co Cunqueiro en 2005 e co Premio Nacional de Literatura Dramática de 2007. Despois das dificultades que atravesou o texto para a súa representación, Arturo López dirixe a peza na que Sergio Zearreta e Xavier Pan interpretan dous enfermos que esperan un transplante na sala de diálise dun hospital. Este drama amosa como a desgraza iguala e fai nacer amizades onde, noutras circunstancias, non habería máis que indiferenza

Sarabela Teatro, pola súa banda, xirará por Galicia con espectáculos diferentes. A histórica compañía de teatro representará *O incerto señor don Hamlet*, de Álvaro Cunqueiro, ou *Konrad, o neno que saíu dunha lata de conserva*. Con estas montaxes, o grupo teatral dirixido por Ánxeles Cuña seguirá a súa andaina tras a desaparición de Suso Díaz, home polifacético teatral falecido o pasado mes de outubro.

> *"As artes escénicas galegas fixeron súa esa máxima de que a fame agudiza o enxeño e o nivel creativo das compañías, lonxe de minguar, aumentou e fixo da necesidade virtude*

Abrapalabra Creacións Escénicas únese á conmemoración do cincuenta aniversario da publicación de *Memorias dun neno labrego*, o grande éxito de vendas da literatura galega escrito por Neira Vilas. Cándido Pazó encárgase de dirixir a adaptación desta novela na que se contaba a historia de Balbino, o neno labrego no que varias xeracións de galegos se viron reflectidas. A compañía Elefante Elegante, fundada en 2007, representará o seu último espectáculo, titulado *In*, que xorde como unha montaxe sensitiva que nace da fusión de danza, teatro, vídeo e artes plásticas.

A programación deste primeiro semestre nas redes de distribución que xestionan desde a Agadic incluirá os espectáculos das compañías clásicas do país. Talía Teatro representará obras como *Volpone* ou *Pelos na lingua*, Teatro do Morcego amosará *A nona*, Chévere levará por Galicia o seu *Citizen*, Teatro do Atlántico poñerá en escena *Memorias de Helena e María*, e Teatro do Noroeste xirará con *Historias peregrinas*. Estes son só algúns exemplos do teatro que se poderá ver neste primeiro semestre enmarcado nunha programación que tamén inclúe espectáculos de maxia (*Contos de maxia*, do Mago Cali) ou danza (como a peza *Métanse nos seus asuntos*, de Nuria Sotelo).

Esta é unha pequena mostra de todo o que se poderá ver nos primeiros seis meses deste 2011 e pon de manifesto que, malia a crise, as artes escénicas se están a furar os cranios para resistir e ofrecer unhas montaxes de calidade. Ese esforzo demostra a gran creatividade do país e, como dixo o propio Eduardo Alonso ao recibir o Premio da Cultura Galega: "Vaian ao teatro". Hai motivos. En concreto 82, o número de compañías galegas que encherán de escena os teatros galegos.

# TODO FERROL CABE NO JOFRE

Habitantes: 75.000
Espazo escénico: **Teatro Jofre**
Praza de Galicia, s/n
Ferrol
Capacidade: 555 espectadores

Ten algo máis de medio milleiro de butacas, pero nel hai espazo para toda a cidadanía. Máis que un edificio icónico para a cidade, o Jofre quere ser un lugar vivo. Cunha programación ecléctica aberta á participación dos axentes locais, Ferrol aposta por ampliar os públicos da música e das artes escénicas coa mirada posta na próxima apertura do seu novo auditorio.





Cando a finais de 2005 o Teatro Jofre volveu abrir as súas portas, Ferrol recuperou un dos seus edificios máis singulares e un espazo de referencia para a programación escénica e musical. O elegante teatro ergueu o pano por primeira vez en 1892, trinta anos despois de que un grupo de ferroláns comezase a recadar cartos para a súa construción. Ao final do século XX chegou en estado de abandono, pero sete anos de obras devolveron o Jofre á cidade. Conserva a planta en forma de ferradura, que garante unha acústica impecable, e o frontal modernista engadido na década de 1920, recuperando o esplendor dun edificio alterado polas remodelacións interiores para adaptalo como sala de cinema e pola posterior decadencia e peche. Media década despois da reapertura, o Jofre demostra que é moito máis que un impresionante edificio do XIX: é o cerne sobre o que xira a vida cultural da cidade.

MEDIA DÉCADA DESPOIS DA REAPERTURA, O JOFRE DEMOSTRA QUE É MOITO MÁIS QUE UN IMPRESIONANTE EDIFICIO DO XIX: É O CERNE SOBRE O QUE XIRA A VIDA CULTURAL DA CIDADE

O Concello quere que os ferroláns lle perdan o respecto reverencial ao Jofre para integralo na súa vida diaria. Roberto Taboada, asesor cultural e responsable da programación na cidade, cre que nos primeiros anos despois da reapertura "se fomentou unha imaxe de espazo singular de costas á cidadanía, e agora apostamos por mudar iso".

**Participación da sociedade**

O obxectivo é "que sexa un espazo vivo, non un edificio do XIX ao que hai que ir de *tiros largos*". Cada vez máis entidades empréganо para as súas actividades e abre as súas portas para propostas tan diferentes como clubs de lectura, gravacións audiovisuais, sesións fotográficas ou veladas de Pecha Kucha, o que provoca que coñezan o Jofre públicos moi diferentes dos habituais.

A estrutura da programación cultural de Ferrol aséntase en tres pés. O Teatro Jofre funciona como "espazo referencial". A Capela do Centro Cultural Torrente Ballester exerce de espazo especializado: os xoves acolle humor e música "golfa" en formato café-concerto no programa Novas Noites; e a primeira fin de semana, artes escénicas para público infantil, pais e nais en Escena Familiar. A oferta complétase coa actividade en oito centros culturais de cinco barrios. "Cos primeiros orzamentos participativos de Ferrol puxemos en marcha Culticipando, no que os propios veciños deciden a programación", explica Roberto Taboada. "Ofrecemos un paquete de actividades posibles de música, cinema e actuacións de pequeno formato, e os propios veciños elixen. Créase así unha complicidade que funciona, porque a resposta ás actividades é masiva".







Roberto Taboada ten claro que é necesario implicar a sociedade na toma de decisións sobre a programación. "Os programadores deben deixar de estar subidos a un pedestal, é necesario integrarse máis nas propostas locais". Isto reflíctese na propia actividade do Jofre. A Sociedad Filarmónica Ferrolana programa música clásica; os Amigos da Lírica de Ferrol, as galas líricas; e a Asociación de Magos de Ferrol, o programa O Jofre Máxico. "Interésanos esa deslocalización de quen programa porque eu como programador non teño que saber de todo", afirma Taboada. A implicación social garante á vez calidade e asistencia, porque quen contribúe a programar tamén o fai a difundir.

### A danza e o novo auditorio

A diversidade na programación non está pelexada coa coherencia. "A nosa idea é buscar sempre un fío condutor para darlle unha dramaturxia ás programacións". No primeiro trimestre de 2011 repítese unha fórmula xa testada: Con Nome de Muller presenta actuacións de música, teatro e danza que falan das mulleres e levan, efectivamente, nome de muller. Taboada sinala que, comparando con outras cidades galegas próximas, "Ferrol ten a programación máis equilibrada, cun 50% de música, 25% de teatro e 25% de danza". Nesta última disciplina "somos un dos espazos que máis programamos no Estado", cunha media de dúas pezas por mes. O programa Domingos en Danza leva ao Jofre espectáculos clásicos ou contemporáneos de formato grande, e Dentro da Caixa presenta pezas con coloquio para 70 espectadores dentro da caixa escénica, unha oferta que agora se ampliou ao teatro contemporáneo.

O traballo de achegar o público á danza ten un sentido estratéxico. Na primavera de 2011 o Concello recibirá o Auditorio de Ferrol, un novo espazo situado na enseada de Caranza, con capacidade para 900 espectadores, nunha comarca que pasará entón a ter máis de 6.000 butacas. "Os estudos de usos que fixemos recomendan que sexa un espazo diferenciado dentro de Galicia, polo que o imos especializar en música e sobre todo en danza".

> "Os programadores deben deixar de estar subidos a un pedestal, é necesario integrarse máis nas propostas locais"

Os espectadores responden ao rumbo da programación cultural. O asesor cultural de Ferrol sinala que a asistencia medrou nun 10% en 2009, e destaca que se trata dun público variado con intereses moi diferentes. Tamén salienta o incremento da venda de entradas pola Internet, que pasou dunha media do 10% dos billetes a superar nalgúns casos o 70%, o que implica maior afluencia de xente de fóra da cidade. A aposta pola especialización e a programación participativa, estruturada e de calidade fai que o Jofre e os espazos culturais da cidade contribúan a que cada vez máis persoas doutras cidades se acheguen a Ferrol.





**MENSAXE SEN BOTELLA**
Caramuxo Teatro

Autoría: Juan Rodríguez e Laura Sarasola
Dirección: Caramuxo Teatro e Olga Margallo
Elenco: Juan Rodríguez, Laura Sarasola e Suso Jalda
Xénero: Teatro infantil/Comedia

Despois do éxito obtido con *Os Bolechas*, Caramuxo Teatro volve ao teatro de actor da man dunha das directoras máis importantes da escena española (gañadora dun Max, de dous premios FETEN e fundadora da compañía Uroc Teatro), a madrileña Olga Margallo. *Mensaxe sen botella* é unha fantástica aventura sobre a liberdade.

+ info. en: *www.caramuxo.net*



**OS BOLECHAS**
Caramuxo Teatro

Autores: Juan Rodríguez, Laura Sarasola e Pepe Carreiro / Dirección: Juan Rodríguez e Laura Sarasola
Elenco: Xose Esperante, Juan Rodríguez e Laura Sarasola
Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Caramuxo Teatro presenta o gran éxito editorial galego: *Os Bolechas*, unha comedia musical con monicreques. Un espectáculo que amosa un día na vida desta divertida familia, onde coñecemos as ocorrencias do pequeno Tatá, as travesuras de Chispa, a Braulio e Sonia, as xemelgas Pili e Loli, e a Carlos, o máis vello dos irmáns.

+ info. en: *www.caramuxo.net*



**O BUFÓN DO REINO**
Pinga Teatro

Autoría: Miquel Condal / Dirección: Miquel Condal
Elenco: María Carrera e Miquel Condal / Xénero: Teatro infantil/Comedia

Nunha mañá soleada e primaveral, aínda que na tarde chovera un pouco, ao rei dun reino o don da fala e do riso desaparecéronlle. O rei non falaba, o rei non quería falar, tampouco quería rir. Os máis achegados, os asesores do reino e o pobo en xeral non sabían que facer... Pasaron días, meses e case un ano cando de súpeto xurdiu da néboa un bufón, ben, unha bufona, ofrecéndose para devolverlle o don da fala e do riso ao rei a cambio de case nada.

+ info en: *www.pingateatro.com*

# EN BREVE

## O DIRECTOR E DRAMATURGO EDUARDO ALONSO RECIBIU O PREMIO CULTURA GALEGA DAS ARTES ESCÉNICAS

O Premio Cultura Galega das Artes Escénicas 2010 recaeu no director de escena e dramaturgo Eduardo Alonso Rodríguez polo seu traballo a prol da dramaturxia galega. A proposta foi realizada pola asociación Escena Galega e outras tres entidades e aprobada por maioría do xurado.

Estes galardóns –que comprenden tamén as categorías de Letras, Artes Plásticas, Iniciativas a prol do Patrimonio Cultural, Promoción Cultural de Galicia, Música e Creación Audiovisual– foron creados e convocados pola Consellería de Cultura e Turismo por considerar necesario distinguir as persoas e institucións que traballan nos distintos eidos da creación, da conservación e revalorización do patrimonio e da actualización e difusión deste capital intelectual, na propia comunidade ou para o mundo.

O xurado que concedeu os premios estivo presidido polo conselleiro de Cultura e Turismo, Roberto Varela, e contou como vogais institucionais co entón director xeral de Promoción e Difusión da Cultura, Francisco López; co presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares; co reitor da Universidade da Coruña, José María Barja; co reitor da Universidade de Santiago, Juan Casares Long; co reitor da Universidade de Vigo, Salustiano Mato, e coa presidenta da Real Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario, Mercedes Goicoa.

## O CENTRO DRAMÁTICO PRODUCIRÁ UN MUSICAL CON LUÍS TOSAR COMO PROTAGONISTA

O Centro Dramático Galego (CDG) asumirá en 2011 a produción dun espectáculo musical de gran formato sobre a obra orixinal escrita por Bertolt Brecht con música de Kurt Weill *Die Dreigroschenoper* que estará protagonizado polo actor Luís Tosar. A nova montaxe, que levará por título *A ópera dos tres reás*, contará coa dirección escénica de Quico Cadaval, a dirección musical de Carlos Ariel Gracia e a dirección de canto de Ramón Bermejo.

A estrea está prevista para o mes de xuño, polo que o CDG compatibilizará os ensaios e as tarefas de produción do musical coa xestión da programación do Salón Teatro e a intensa xira que ata o mes de marzo manterá co anterior espectáculo, *Salomé*, en catorce escenarios galegos e portugueses.

Canto á carteleira do Salón Teatro para os vindeiros meses, o CDG desenvolverá unha programación externa de 70 funcións, entre as que se atopan citas cos espectáculos de compañías galegas (Teatro do Atlántico, Voadora, Abrapalabra, Berrobambán, Carlos Blanco, Espello Cóncavo, Sapristi), de Portugal (Companhia de Teatro de Braga, Trigo Limpo, Teatro Oficina) e doutras procedencias (Histrión Teatro, Atalaya...)

## O CENTRO COREOGRÁFICO ESTREARÁ UN NOVO ESPECTÁCULO INTEGRADO POR TRES PEZAS

O Centro Coreográfico Galego (CCG) estreará esta primavera un novo espectáculo que centrará o plano de produción propia para 2011 da unidade de danza da Agadic. A nova proposta da entidade que dirixe Mercedes Suárez será interpretada por 12 bailaríns (6 homes e 6 mulleres) que, despois de seren seleccionados

**ELES E ELAS CÓNTANNOLO**

# DENDE O PARAÍSO



NOME: Facundo Reyna

IDADE: 31

OCUPACIÓN: Filólogo

POR QUE VAS AO TEATRO?: Porque penso que é unha das expresións artísticas máis vivas. O contacto, a comunicación entre artistas e o público é parte fundamental da enerxía da que se nutre a arte dramática, e iso encántame.

CAL FOI O ÚLTIMO ESPECTÁCULO QUE VICHES?: *Lenguas vivas*, no teatro El Portón de Sánchez.



NOME: Benjamin Mielenz

IDADE: 29

OCUPACIÓN: Estudante

POR QUE VAS AO TEATRO?: Vou para participar no intercambio entre os actores e a audiencia. Gústame a enerxía deste contexto. Aínda que o meu español é moi limitado, podo entender pola escena, a acción, a música e pola proximidade co escenario.

CAL FOI O ÚLTIMO ESPECTÁCULO QUE VICHES?: *Fool for Love*, escrita por Sam Shepard.

mediante un proceso de audición pública desenvolvido entre os meses de decembro de 2010 e xaneiro de 2011, comezarán en febreiro o período de ensaios previos á estrea, duns tres meses de duración.

Tras a montaxe de temática xacobea *Etheria. A viaxe soñada*, levada a cabo en 2010 con dirección coreográfica da propia Mercedes Suárez e dirección musical de Isaac Garabatos, o CCG levará ás táboas este ano un espectáculo de estrutura e concepto moi diferentes ao anterior, xa que nesta ocasión será a sucesión de tres pezas, deseñadas por outros tantos directores artísticos convidados, as que conformen a que será a quinta produción da historia do Centro Coreográfico Galego.

### RAÚL DANS, XAVIER LAMA, XOSÉ A. NEIRA CRUZ E INACIO VILARIÑO RECIBIRON OS PREMIOS DRAMÁTICOS DA AGADIC

O palmarés de galardoados en 2010 cos premios literarios no eido dramático da Agadic quedou integrado polos autores Raúl Dans, gañador do Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais coa obra *Chegamos despois a unha terra gris*; Xavier Lama, quen obtivo o Manuel María de Literatura Dramática Infantil polo texto *Os reloxos preguiceiros de Néboa*; Xosé A. Neira Cruz, que recibiu o Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques, na modalidade para adultos, por *Pedra sobre pedra;* e Inacio Vilariño, quen, con *Fábula galénica*, mereceu o Barriga Verde na categoría de teatro para rapaces.

O conselleiro de Cultura e Turismo, Roberto Varela, presidiu o pasado 18 de outubro, na Feira Galega das Artes Escénicas, o acto de comunicación e entrega dos premios aos galardoados, que percibiron da Agadic unha dotación económica individual de 6.000 euros, así como a inminente publicación das súas obras.

### CASTELA-A MANCHA, PAÍS VASCO E PORTUGAL EXHIBIRÁN ESTA TEMPADA ESPECTÁCULOS GALEGOS

Teatros e circuítos escénicos de Castela-A Mancha, País Vasco e Portugal programarán espectáculos galegos en 2011 no marco do programa de bonificacións á distribución exterior da décimo oitava edición da Feira Galega das Artes Escénicas, que se celebrou en Santiago de Compostela do 18 ao 21 de outubro pasados. A Agadic asume estas bonificacións co obxectivo de favorecer unha maior proxección do teatro, a danza e a maxia producidos en Galicia. Neste sentido, esta liña de apoio á contratación exterior aplícase tanto aos espectáculos galegos exhibidos na Feira como aos que configuran a actual programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

Abada Teatro-Carlos Blanco, Elefante Elegante, Eme2, Panamesiana Teatro, Tanxarina Títeres e Teatro do Morcego foron as primeiras compañías que confirmaron a súa presenza en escenarios, festivais e redes escénicas de fóra de Galicia a través dos contactos establecidos durante a celebración da Feira Galega das Artes Escénicas. Os seus destinos serán a Red de Teatros de Castilla-La Mancha, Sarea-Red Vasca de Teatros, Uni Kultur Elkasrtea (Biscaia), d'Orfeu Associação Cultural (Águeda), Teatro Circo de Braga e Teatro Ribeiro Conceição (Lamego).

### A AGADIC E GALAXIA COEDITAN UN NOVO VOLUME DA "BIBLIOTECA DE TEATRO" DEDICADO A TEORÍA E PRÁCTICA INTERPRETATIVAS

A colección "Biblioteca de Teatro", que a Agadic e a Editorial Galaxia manteñen en réxime de coedición, acada os 24 títulos coa publicación de *A interpretación (re) considerada*, novo volume da súa serie "Grandes manuais". Esta guía teórico-práctica recompila máis de vinte ensaios asinados por investigadores, docentes e creadores de renome internacional, que se incorporan a un catálogo en galego convertido xa en referente a nivel peninsular en canto á investigación e aos estudos teatrais.

O director da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD), Manuel F. Vieites, asina a tradución desta obra que, na súa versión orixinal inglesa, foi publicada en 1995 e reeditada en 2002 baixo a coordinación de Phillip B. Zarrilli, actor e director de escena coñecido polo seu método de formación actoral baseado nas artes marciais e na meditación, así como polo éxito que logrou coas súas versións de obras de Samuel Beckett.

### O CELCIT INCORPORA COMO MEMBRO HONORARIO O DIRECTOR DA REVISTA GALEGA DE TEATRO

A delegación en España do Celcit (Centro Latinoamericano de Creación e Investigación Teatral) nomeou como un dos seus membros honorarios o director da *Revista Galega de Teatro*, Antón Lamapereira, en representación da publicación que leva máis de 15 anos difundindo información escénica especializada e textos teatrais.

A distinción formou parte do programa de actos do 35 aniversario da fundación do Celcit e, segundo explicou a entidade, prodúcese "en recoñecemento daquelas persoas e institucións que, como a *Revista Galega Teatro*, se teñen destacado por empregar os seus mellores esforzos e enerxías no desenvolvemento e difusión do teatro iberoamericano".

### O CENTRO COREOGRÁFICO APOIA A NOVA CREACIÓN NO ÁMBITO DA DANZA A TRAVÉS DE OITO PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

O Centro Coreográfico Galego resolveu a convocatoria do seu novo programa Proxectos de Investigación Coreográfica, a través do que destina un total de 29.000 euros ao desenvolvemento de oito iniciativas presentadas por outras tantas coreógrafas galegas. Ángela Blanco, Mónica García, Raquel González, Mª Dolores Fojón, Amparo Novas, Branca Novoneyra, Carlota Pérez e Lucía Piquero recibirán entre 2.000 e 5.800 euros para levar a cabo as súas propostas, entre as que a función social da danza e o traballo interdisciplinario como punto de partida da creación coreográfica destacan como principais pautas de traballo.

A unidade de danza da Agadic proporcionaralles, asemade, acompañamento artístico e técnico especializado durante todo o proceso, cunha duración media de dous a tres meses, tras o cal as artistas entregarán un informe explicativo e gráfico do seu traballo, ademais de amosaren os resultados nunha exhibición aberta ao público que terá lugar no Salón Teatro de Santiago de Compostela en abril de 2011.



NOME: Ana Louzán

IDADE: 28

OCUPACIÓN: Estudante

POR QUE VAS AO TEATRO?: Vou ao teatro pola inmediatez, porque alí non valen trucos. Non se pode rodar unha toma vinte veces ata que unha quede perfecta, hai que facelo todo ben á primeira.

CAL FOI O ÚLTIMO ESPECTÁCULO QUE VICHES?: *Volpone*, de Talía Teatro.



NOME: Juan José Jaldón

IDADE: 46

OCUPACIÓN: Desempregado

POR QUE VAS AO TEATRO?: Neste caso concreto, pola publicidade que vin nos autobuses. En xeral, porque me gusta e intento ir tres ou catro veces ao ano.

CAL FOI O ÚLTIMO ESPECTÁCULO QUE VICHES?: *La ratonera*, de Agatha Christie.



NOME: Xandra Cabaleiro Carro

IDADE: 41

OCUPACIÓN: Filóloga

POR QUE VAS AO TEATRO?: Teño as miñas reticencias, renego dese teatro demasiado ríxido e afectado. Pero cando algunha peza me gusta, apaixóname, porque a liña invisible que separa o escenario do público desaparece e sentes a historia como se fose túa.

CAL FOI O ÚLTIMO ESPECTÁCULO QUE VICHES?: *A esmorga*, de Sarabela Teatro.



NOME: Miguel Blanco

IDADE: 35

OCUPACIÓN: Operador de cámara

POR QUE VAS AO TEATRO?: Encántame o teatro, descúbroo cada vez que vou. Teño mágoa por non ir máis, ás veces por preguiza. Ver o traballo actoral enriba do escenario é pura maxia e gústame que me conten historias tan de preto e sentilas tan vivas.

CAL FOI O ÚLTIMO ESPECTÁCULO QUE VICHES?: *Finlandia*, de Carlos Santiago.



NOME: Xosé Carlos Hidalgo

IDADE: 28

OCUPACIÓN: Deseñador gráfico

POR QUE VAS AO TEATRO?: Porque me interesa a dramaturxia.

CAL FOI O ÚLTIMO ESPECTÁCULO QUE VICHES?: *Fin de partida*, de Teatro de la Abadía.



## O DÍA QUE CHEGOU UNHA NUBE E CHOVEU
### Títeres Trompicallo

Autoría: Luís González e Marián González
Dirección: Luís González / Elenco: Marián González
Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Había unha vez que non había nada máis que pedras, entón chegou unha nube, choveu e formouse un manancial. Coa chegada da auga creceu a herba e na herba as flores e as árbores, na auga naceron os peixes e as ras, despois chegaron os insectos, os paxaros, as ovellas, o lobo..., en fin, a vida. Pero, que acontece cando un día a auga desaparece?

+ info en: *www.trompicallo.com*



## O REI DESTRONADO
### A Xanela do Maxín

Autoría: Xosé Agrelo Hermo / Dirección: Jorge Rey Rivas
Elenco: Luis Vallecillo e Celtia Figueiras / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

O Porquiño Sisebuto (capaz de contar vinte trolas por minuto), na súa fuxida de Galicia por mor do San Martiño, atópase co ex Rei-León Pepote I O Boíño, a quen chimparan do trono por non saber ser malo. Para recuperalo, deberá aprender a ser malo. E para poder ser malo necesitará coñecer os máis malos entre os malos: Alí-Babá, o Pirata ou a Bruxa... pero o único que aprenderá é que as aparencias ás veces enganan e que a mellor forma de reinar é facelo para un mesmo.

+ info en: *www.axaneladomaxin.com*



## RÚA AIRE
### O Retrete de Dorian Gray

Autoría: O Retrete de Dorian Gray / Dirección: O Retrete de Dorian Gray e Jordi Farres / Elenco: Marcos PTT Carballido e Ezra Moreno / Xénero: Teatro infantil/Outros

O Retrete de Dorian Gray en coprodución co Centro Dramático Galego presenta... Unha vetusta máquina de procesado e inflado de globos... / Unha xénese nada máis empezar... / Un puñado de globos emperrados en vivir... / Unha ducha accidentada... / Unhas malvadas tesoiras de ideas fixas... / O vento que chama á porta... / Un país vítima dunha praga de bolsas de plástico... / Un bombín con patas... / Un final que coincide coa conclusión da obra... / E iso. (Polo medio, algunha cousa máis...)



## TRISTÁN CARA DE CAN
### Elefante Elegante Teatro

Autores: María Torres e Gonçalo Guerreiro
Dirección: María Torres e Gonçalo Guerreiro
Elenco: María Torres e Gonçalo Guerreiro
Xénero: Teatro infantil/Xestual

Un espectáculo visual dirixido ao público máis novo. Tristán é unha comedia xestual interpretada ao estilo dos debuxos animados. Tristán Cara de Can pasa os días ladrando, sen que o máis pequeno sorriso se debuxe nos seus beizos. Pero un día... dentro dunha misteriosa caixa, aparece unha boneca de trapo que o vai tentar todo para facer rir o noso personaxe. Será ela capaz?

+ info en: *www.elefanteelegante.net*



## O FILLO DO PANADEIRO
### Títeres Cascanueces

Autoría: Lázaro Duyos Jordán / Dirección: Lázaro Duyos Jordán / Elenco: Lázaro Duyos Jordán / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Coa intención de malograr a festa da vila, o demo Esgaerdo rouba a fariña da panadaría e foxe con ela ata o seu tenebroso e afastado castelo, mais aló do Bosque do Silencio. Tolín, o fillo do panadeiro, un rapaigo alegre, será quen amañe a lea cun chisco de sorte.

+ info en: *www.titerescascanueces.net*



## PEDRO E O LOBO, SINGULAR VERSIÓN
### Tres Globos

Autoría: Xan Pérez / Dirección: Xan Pérez
Elenco: Xan Pérez / Xénero: Teatro infantil/Outros

Singular versión do conto do pastor troleiro, para público infantil e non tan infantil. Pedro abúrrese moito coidando das ovellas, así que, para pasalo ben, conta mentiras sobre a chegada do lobo. Logo de recibir unha bronca do seu pai, Pedro coñece un can que quere ser pastor e así coidar xuntos de que non veña o lobo.

+ info. en: *www.tresglobos.es*



## SABELA E O PAXARO MÁXICO
### Tarabelos

Autoría: Esteban Acuña / Dirección: Esteban Acuña
Elenco: Esteban Acuña / Xénero: Teatro infantil/ Monicreques

Unha adaptación dun conto popular galego que mostra as penurias dunha pobre nena que habita nun castelo. Aínda que este conto ole a princesas, Sabela non o é. Xa lle gustaría a Sabela ser unha princesa, desa forma non tería que aturar que se metesen con ela desa maneira... pero mellor será que comecemos polo principio, non che parece?

+ info en: *www.tarabelos.blogspot.com*



## TROGLODITAS
### Tanxarina Títeres

Autoría: Evaristo Calvo e Tanxarina / Dirección: Evaristo Calvo e Tanxarina / Elenco: Miguel Borines, Eduardo Rodríguez "Tatán" e Andrés Giráldez / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Tres trogloditas convídannos a entrar no primeiro teatro da prehistoria: a cova, onde imos asistir a un cómico espectáculo cheo de humor e tolería. Da man dos monicreques e das súas primitivas habilidades imos coñecer a singular forma de vida dos nosos antepasados máis divertidos.

+ info en: *www.tanxarina.es*



## O PAZO DE PAPEL
### Teatro Buratino

Autoría: José Zafra e Gianni Rodari / Dirección: Pablo Suárez / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Unha obra sobre o interese por aprender e polos libros. O texto confronta as dúas maneiras posibles de acceder ao coñecemento: a través do estudo (a ratiña de biblioteca) e a través da experiencia (o rato de campo). Os nosos protagonistas teñen algo que ofrecerse mutuamente. Entre eles xorde a amizade, a felicidade e, por fin, o amor...

+ info en: *www.buratini.net*



## ROSALÍA, A PULGA QUE ESCRIBÍA
### Galitoon

Autora: Andrea Bayer / Dirección: Andrea Bayer, Santiago Alonso / Elenco: Santiago Alonso, Rogelio Lema
Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Había unha vez, unha pulga moi, moi pequena: Rosalía. Rosalía escribe unha carta cada día. Métea nun sobre, ponlle un selo e mándaa por correo. Bruno, o Canguro, un carteiro moi especial, encárgase en persoa de levarllela aos seus destinatarios... e lérllela. Á señora Toupa porque non ve. A dona Xirafa porque perdeu as gafas. Á ovella porque non sabe ler. Ao señor Ratón porque lle encanta que lle lean. E a Mr. Elefante porque só sabe ler en inglés. Unha obra de monicreques sobre mesa.

+ info. en: *www.galitoon.com*



## SALTIMBANQUIS
### Teatro do Morcego

Autor: Irmáns Grimm / Dirección: Celso Parada
Elenco: Mundo Villalustre, Iolanda Muíños, Maxo Barjas, Mighello Blanco, Serginho / Xénero: Teatro infantil/ Musical

A peza ten como protagonista un burro, que, cansado da explotación e dos malos tratos do patrón, decide abandonar a facenda onde traballaba, na procura de mellores condicións de vida. No camiño á cidade, encontra un can e unha galiña que foxen polo mesmo motivo, xunto cunha gata, á que botaron da casa porque pasara a noite cantando. Unidos contra a tiranía dos donos, deciden formar un conxunto musical e parten cara á cidade dos soños, compoñendo belas cancións.



## VALENTINO RUFINI E ÂKIL PILLABÁN DE VIAXE A MILÁN (E VAN SEN UN CAN)
### Talía Teatro

Autoría: Roberto Salgueiro / Dirección: Roberto Salgueiro / Elenco: Dani Trillo, Diego Rey
Xénero: Teatro infantil/Comedia

Século XVIII. Italia. O cabaleiro Valentino Rufini de regreso á súa casa en Milán é abandonado polo seu criado, que lle marcha cos cartos. Só, cargando co seu baúl de viaxe e coa faldriqueira baleira, decide pasar a noite nunha casa en ruínas no camiño por onde pasa a carruaxe a Milán. Alí atopa a Danniello Pillabán, a quen a súa ama deixou composto, sen cartos e cun baúl cheo de traxes de señora ostentosa vida a menos. Ambos os dous compartirán desexos, sospeitas e medos, mentres agardan a que de mañá pase a carruaxe.

+ info. en: *www.taliateatro.es*



### 10 ANOS DE MOMENTOS MÁXICOS
Mago Rafa

Autor: Rafael Pereira / Dirección: Rafael Pereira
Xénero: Maxia

Unha montaxe fresca e actual onde a maxia máis divertida se mestura coas técnicas máis clásicas para ofrecer un espectáculo diferente onde a participación do público vai marcando o desenvolvemento deste: barallas que se comen, panos que desaparecen, aneis que voan e ata un inexplicable número de escapismo son tan só algúns dos ingredientes presentes nestes 80 minutos de enerxía máxica.

+ info en: *www.magorafa.com*



### DA'KARA
Dani García

Autor: Dani García / Dirección: Flor Maceiras
Elenco: Dani García, Abigail Montiel, Mateo González
Xénero: Maxia

No mundo de Da'kara xúntanse os grandes efectos da maxia: persoas que aparecen e desaparecen, o mago atravesado pola súa axudante, levitacións imposibles, maxia argumentada, humor e participación do público e moito misterio nun espectáculo onde os grandes aparellos de maxia son os protagonistas. Tres actores en escena dan vida a unha realidade que non é, xogan coas leis da física e do posible. Unha obra dirixida pola actriz Flor Maceiras cun coidado tratamento do público e das situacións.



### O AFIADOR
O Mago Teto

Autoría: Héctor Guerra / Dirección: Héctor Guerra
Elenco: Héctor Guerra / Xénero: Maxia

Un espectáculo que xira en torno a unha roda de afiar dos anos 30 herdada polo mago Teto dos seus antepasados. Coa melodía producida por un chifro e o grito de "O afiador!" fai a súa entrada o mago, poñendo en escena miles de historias e aventuras doutros tempos. Na maxia emprégase elementos típicos dos afiadores, como coitelos, espadas, tesoiras, navallas e paraugas.

+ info en: *www.magoteto.com*



### SAPIENS SAPIENS SAPIENS
Pistacatro Produtora de Soños

Autoría: José Díaz / Dirección: Evaristo Calvo
Elenco: Arrepentimentos de Padrón (Antón Coucheiro e Borja Fernández) / Xénero: Circo

O novo espectáculo da compañía despois de cinco anos é unha historia dramática contada cos recursos cómicos do *clown*, onde se mesturan a interpretación de dous actores coa proxección audiovisual.

+ info en: *www.pistacatro.com*




### A MAXIA DO SILENCIO
Mago-Mimo Anyo

Autoría: José Ángel Casanova Orozco / Dirección: José Ángel Casanova Orozco / Xénero: Maxia

Un espectáculo para todos os públicos no que se mesturan o ilusionismo, a música e o mimo a través dunha sucesión de efectos técnicos de maxia eminentemente visuais, onde a palabra non é necesaria. O público sentirase axiña atraído pola acción e mesmo participará en determinados momentos, dando aínda máis frescura e improvisación.

+ info en: *www.anyo.net*




### ILUSIONARTE
Mago Marttyn

Autor: Martin Andersen / Dirección: Martin Andersen
Elenco: Martin Andersen / Xénero: Maxia

*IlusionArte* é o espectáculo estrela do Mago Marttyn. Leva con el desde os seus comezos, e non hai forma de separalos, xa que onde van sementan ilusión e volven cun éxito. Cada ano o espectáculo renóvase e perfecciónase.

+ info en: *www.magomarttyn.com*



### SONOS
Mago Norberto

Autoría: Norberto Kolb / Dirección: Norberto Kolb
Elenco: Norberto Kolb / Xénero: Maxia

Un espectáculo de ilusionismo para salas e teatros dirixido a todos os públicos. Componse dunha serie de rutinas moi visuais de maxia. Algúns xogos están combinados con música e coa participación do público.

+ info en: *www.magonorberto.com*



### 1ª PARTY
Cristina Montero

Autoría: Cristina Montero / Dirección: Cristina Montero
Elenco: Cristina Montero, Mateo González
Xénero: Danza/Contemporánea

É posible ver a través das paredes, é posible que non haxa paredes, é posible espiar a viaxe dun corpo humano, é posible viaxar con el, é posible observar a existencia cunha copa de viño na man, é posible existir, é posible deixarse levar aos recunchos reservados de *1ª Party*. O espectador deixa de estar fronte á peza coreográfica para situarse nela, no mesmo lugar do intérprete, facéndoo partícipe do espazo escénico mentres toma unha copa de viño, escoita música e viaxa con nós durante a *performance*.



### CONTOS DE MAXIA
Mago Cali

Autoría: Agustín Fernández / Dirección: Mago Cali
Elenco: Mago Cali / Xénero: Maxia

A porta da imaxinación abre grazas á lectura e as palabras convértense en fascinantes historias máxicas. O espectáculo móstranos como con calquera palabra se pode crear maxia. Unha mestura de elementos da vida real cos elementos fantásticos para facer un espectáculo divertido, entretido e fascinante.




### LA ESENCIA DE LA MAGIA
La Magia de Freddy Varó

Autoría: Freddy Varó / Elenco: Freddy Varó e Luz María Oliveira / Xénero: Maxia

A esencia da maxia está en todos nós desde que nacemos. Co paso do tempo imos perdendo esa esencia que nos permite marabillarnos con todo o que sucede ao redor de nós. A tensión, a rutina, as obrigas, fan que aos poucos a nosa esencia da maxia desapareza. Este espectáculo recupera esa esencia e converte os espectadores en protagonistas, cun percorrido polos distintos tipos de maxia que podemos atopar: maxia musical, maxia xeral, cómica, con animais, grandes ilusións e levitacións.

+ info en: *www.tumago.es*



### ENCONTROS
Lusco e Fusco

Autoría: Alfredo Pérez e Pablo Reboleiro
Dirección: Pablo Sánchez / Elenco: Pablo Reboleiro e Alfredo Pérez / Xénero: Teatro adultos/Circo

Un espectáculo multidisciplinario, onde o teatro físico, a danza e o novo circo se conxugan para crear un código propio de expresión. A comedia e o virtuosismo forman parte desta montaxe ecléctica que xorde do encontro de dúas persoas; tócanse, ólense, séntense e comezan o seu camiñar xuntos. Danza, acrobacia, equilibrios, manipulación de obxectos e xogos malabares ao servizo da narración teatral.

+ info en: *luscoefuscoencontros.wordpress.com*



### CARA PINTADA, EL SALTO DE LA RANA Y OTRAS PEQUEÑAS HISTORIAS
Janet Novás

Autoría: Janet Novás / Elenco: Janet Novás
Xénero: Danza/Contemporánea

O meu corpo como un pequeno país, como un obxecto para representar pequenas historias que se converten nunha. Bocas abertas, sedentas, afogadas no seu propio pranto ou na súa propia gargallada, sons enxordecedores e invisibles. Só hai un obxectivo: sentir algo, non importa o que.

+ info en: *www.janetnovas18.blogspot.com*



### DOUBLE TRACK
La Macana

Autoría: Caterina Varela, Alexis Fernández, Laura Arís, Jorge Jáuregui / Dirección: Caterina Varela, Alexis Fernández, Laura Arís e Jorge Jáuregui / Elenco: Caterina Varela, Alexis Fernández, Laura Arís, Jorge Jáuregui
Xénero: Danza/Contemporánea

Conxunto de tres pezas de pequeno formato de gran percorrido nacional e internacional que se presentan nun mesmo programa grazas á colaboración entre La Macana (Galicia) e Ember (País Vasco e Cataluña). *La era de los cosmonautas*, *Ven* e *Cola de gallo* son tres pezas diferentes de gran calidade artística que teñen en común un mesmo traballo físico.



### EL SALTO DE NIJINSKY
Trànsit Dansa de María Rovira

Autoría: María Rovira / Dirección: María Rovira
Elenco: María Garriga, Isabel Tapias, Sol Vázquez, Daniel Rosado, Reinaldo Ribeiro, Julio Andrés Escudero e Damián Cortés / Xénero: Danza/Contemporánea

Espectáculo inspirado no gran bailarín Vaslav Nijinsky. Debutou en 1907 co ballet imperial ruso, no que destacou como primeiro bailarín. En 1918 abandonou a súa carreira ao ser atrapado pola esquizofrenia da que nunca se chegou a recuperar completamente. O bailarín Serge Lifar visítao e, coa intención de avivar a súa memoria, executa exercicios na barra mostrándolle algúns pasos das súas coreografías. Animándose de súpeto e sen preparación ningunha, de costas á barra, Nijinsky salta e é cazado no voo polo obxectivo do fotógrafo.

+ info en: *www.transitdansa.com*



### HABELAS (VERSIÓN ESCÉNICA)
Traspediante

Autoría: Begoña Cuquejo / Dirección: Begoña Cuquejo
Elenco: Begoña Cuquejo, Marta Alonso e Maura Sanin
Xénero: Danza/Contemporánea

Arangaño, arangaño, vaite de aquí que a xesta de varrer corre tras de ti. Un espectáculo multidisciplinario de danza contemporánea con música ao vivo que incorpora maxia e videocreación.

+ info en: *www.traspediante.blogspot.com*



### MARYLAND
La Veronal

Autoría: Marcos Morau / Dirección: Marcos Morau
Elenco: Lorena Nogal e Tanya Beyeler / Xénero: Danza/Contemporánea

A peza toma como punto de partida a música en directo do compositor estadounidense Philip Glass. O movemento crúzase coa música e humanízaa para tratar de entendela, para reflexionar sobre as cuestións máis profundas do individuo en relación co mundo que o rodea. Unha intérprete baixo a pel dunha muller atemporal nunha cidade que ela mesma construíu, atravesando os estados emocionais comúns sen importar que ou quen os xerou.

+ info en: *www.fanibenages.com*



### EL GRAN BANQUETE
Otra Danza

Autoría: Asun Noales / Dirección: Asun Noales
Elenco: Asun Noales, Kike Guerrero, Saray Huertas, Fredo Belda, Miguel Ángel Punzano, Carmela García, Paco Bodi, Conchín López / Xénero: Danza/Contemporánea

Un espectáculo que combina danza, teatro e audiovisuais baixo as composicións sinfónicas do mestre Chapí. A obra desenvolve unha escena continua na cal os máis diversos personaxes se dispoñen a levar a cabo unha celebración.

+ info. en: *www.otradanza.es*



### EN LA CUENCA DE TUS OJOS
Entremáns

Autoría: Armando Martén, Beatriz Pérez, Kirenia Martínez e Alexis Fernández / Dirección: Entremáns
Elenco: Armando Martén, Ana Beatriz Pérez, Kirenia Martínez, Alexis Fernández e Caterina Varela
Xénero: Danza/Contemporánea

Todos os pecados do amor sen detalles, detalles sen amor, arrepentirse de falar, de quedar sen tempo, de gardarse dun mesmo, de dar as costas demasiadas veces. Teño o son do seu corpo nos oídos. Que fermoso o sangue tirando cara á confianza, achegándose aromático, pesado e quedo como mazás nunha cunca!

+ info en: *www.ciaentremans.blogspot.com*



### HILDEGARD
Teatro del Velador II

Autoría: Juan Dolores Caballero / Dirección: Juan Dolores Caballero / Elenco: Juanjo Macías, Carla de la Fe, María Victoria Díaz, Diana Noriega, Raquel Luque, Bruno Axel Ruiz, Mostapha Bahja / Xénero: Danza/Contemporánea

Un mozo fálanos da súa nai, á que nunca coñeceu. Todo canto sabe da súa nai é por unhas poucas cartas que dela lle chegaron. Imaxínaa como unha muller sutil e bela e crea sobre o escenario diferentes imaxes da nai, sempre bailando, sempre en festas. Son delirios aos que se aferra para identificarse.

+ info en: *www.teatroelvelador.com*



### MÉTANSE NOS SEUS ASUNTOS
Cía. Nuria Sotelo

Autoría: Ana Vallés e Nuria Sotelo / Dirección: Ana Vallés
Elenco: Nuria Sotelo / Xénero: Danza/Contemporánea

Un solo de danza que se move entre a evocación de lugares comúns e a exposición da privacidade, tratando a implicación ou desentendemento do que mira ou asiste a un acto público e cuestionando a nosa pasividade ante os acontecementos alleos.

+ info en: www.*latiamardalina.com/distribucion/asuntos*



### EL PAÍS DE LAS SOMBRAS
La Macana

Dirección: Miguel Azcue e Johanna Jonason
Elenco: Alexis Fernández, Caterina Varela e Miguel Azcue
Xénero: Danza/Contemporánea

Un espectáculo de danza para todos os públicos. Unha viaxe inesquecible da man de tres personaxes na busca dos seus soños, onde a imaxinación e a fantasía descobren o universo máxico das sombras. Unha colaboración entre a compañía sueca Memory Wax e La Macana.



### (ESPÉRAME DESPIERTO)
Mopa

Autoría: Juan Luís Matilla e Eloísa Cantón
Dirección: Juan Kruz Díaz de Garaio Esnaola
Elenco: Eloísa Cantón e Juan Luís Matilla
Xénero: Danza/Contemporánea

Dous personaxes en entresoño parecen alleos aos que testemuñan a intimidade do seu diálogo. Diálogo que tenta, unha e outra vez, unha comunicación a través dunha linguaxe que construíron e da que se apropiaron. Acompañámolos no seu devir cotián, nas súas actividades e na relación que entre eles se establece e que se nos presenta, como simples observadores, sen xuízo ningún.

+ info en: *www.soyunamopa.com*



### INOXIDABLE
Experimentadanza

Dirección: Carlota Pérez e Leo Rodríguez
Elenco: Leo Rodríguez, Carlota Pérez e Xiao Pin
Xénero: Danza/Contemporánea

Un espazo cunha natureza pura, no que non cabe o óxido que nos corroe. Unha metáfora que compara as relacións humanas cunha materia inorgánica.

+ info en: *www.experimentadanza.com*



### NUBES
Aracaladanza

Autoría: Aracaladanza / Dirección: Enrique Cabrera
Elenco: Carolina Arija Gallardo, Raquel de la Plaza Húmera, Olga Lladó Valls, Noelia Pérez Gil, Jimena Trueba Toca e Natali Camolez / Xénero: Danza/Contemporánea

Seis bailaríns introdúcense nun universo inspirado polo surrealismo da pintura de René Magritte. Sobre o escenario, comparten espazo con obxectos que ou ben aparecen nos cadros do artista belga ou ben poden lembrarnos a súa particular visión do mundo.



**OTROS ROSTROS**
Cía. Daniel Abreu

Autoría: Daniel Abreu / Dirección: Daniel Abreu
Elenco: Álvaro Esteban, Anuska Alonso e Daniel Abreu
Xénero: Danza/Contemporánea

Un traballo coreográfico que expón o cambio da imaxe desde o punto de mira..., que pasa se a un corpo se lle dá a volta?...

+ info en: *www.danielabreu.com*



**WIR FRAUEN**
Helen Bertels

Autoría: Helen Bertels e Clara Gayo / Dirección: Helen Bertels / Elenco: Helen Bertels / Xénero: Danza/Contemporánea

Ela é máis ou menos alta, guapa, atractiva, loura, un bo formato, unha desas persoas que ves pola rúa e non podes deixar de mirar porque queres saber por que non a podes deixar de mirar, seguro que cociña ben, non é que queira coñecela, daríame preguiza, máis ben lle teño unha especie de medo, creo que ten todo o que eu non teño, é perfecta.

+ info en: *www.latiamardalina.com/distribucion/*



**O XUÍZO DA ADÚLTERA FILIPA**
Decamerón e Cía.

Xénero: Música de cámara

Espectáculo músico-teatral no que se conxuran dous momentos, dous países, dúas músicas, dúas coleccións de contos: por unha banda, historias do *Decamerón*, de Bocaccio; pola outra, relatos escollidos do Conde Lucanor.

+ info en: *www.sirgotorcendo.com*



**MICKI NERVIO & THE BLUES MAKERS**
Micki Nervio & The Blues Makers

Xénero: Música/Soul, blues

Banda lendaria dentro do panorama musical galego desde 1992, o seu estilo foi evolucionando desde o blues eléctrico cara ao son acústico da música negra de principios do século XX. Esta viaxe permitiulles recuperar a tradición das *street bands*, utilizando instrumentos pouco usuais e sorprendentes como a táboa de lavar, a guitarra de aceiro, as culleres, o *banjo*, o contrabaixo, a guitarra de doce cordas, a mandolina ou o *kazoo*.

+ info en: *www.mickinervio.com*



**SóLODOS**
SóLODOS

Dirección: Maruxa Salas e Erick Jiménez
Elenco: Amparo Novas, Maruxa Salas, Manuel Garzón e Erick Jiménez / Xénero: Danza/Contemporánea

Un espectáculo formado por diferentes pezas de danza independentes entre si, pequenos relatos bailados por só dúas persoas. *Caracola*, *Nozomi*, *Mareia* e *Vigilia en ausencia* son as pezas que compoñen o espectáculo. Unha destas pezas, *Caracola*, foi galardoada con diferentes premios.



**CONCERTO DO QUINTETO DE VENTO METAL**
Quinteto de Vento Metal Santa Cecilia

Xénero: Música de cámara

O Quinteto de Vento Metal Santa Cecilia realizou máis de 800 concertos por toda Galicia interpretando temas clásicos, románticos e modernos.

+ info en: *www.mijailmoriatov.com*



**PAXARO DE LUME**
Viravolta Títeres

Dirección: Anxo García Fernández / Elenco: Quidam Trío: Xosé Manuel Yáñez, Mariola Gil Lago, Beatriz Rodríguez Caridad. Manipuladores: Anxo García, Pilar Álvarez, Julio Balado / Xénero: Teatro infantil / Monicreques/Música

A partir do conto ruso *O paxaro de lume* e da música de Ermitas García Ríos, Viravolta presenta esta adaptación, apta para todo tipo de público. Unha simbiose de espectáculo de marionetas e concerto dirixido a nenos, maiores e amantes da música.
O príncipe Iván, o máis pequeno dos fillos do rei, vai na procura do paxaro de lume, do que seu pai quedou cativado ao escoitar o seu canto no xardín. Antes xa partiran os seus dous irmáns, pero nunca se soubo do que lles pasou.

+ info en: *www.viravolta.es*



**MÓNICA DE NUT TRÍO**
Mónica de Nut Trío

Xénero: Música/Jazz electrónico experimental

O repertorio do trío que integran Mónica de Nut, Paco Dicenta e Virxilio da Silva combina temas propios con versións de estándares da tradición jazzística, composicións de música clásica e arranxos de cancións populares galegas, todo isto fiado no concerto "performático" *Habiámonos de felicitar pola nosa resistencia.*

+ info en: *www.myspace.com/monicadenuttrio*



**SONO SILENTE**
BStudiodanza

Autora: Dolores Mayán / Dirección: Dolores Mayán
Elenco: Emilia Pardo, Vanessa Otero, Celia Mayer
Xénero: Danza/Contemporánea

Inspirada no cine silente dos anos 20 e 30, toma como referente a imaxe potente da actriz Louise Brooks e dous dos seus filmes máis coñecidos: *The Canary Murder Case* e *Pandora's Box*. A ausencia da palabra, a forza da imaxe, o valor da mirada e a linguaxe corporal e xestual coinciden, en gran medida, coa visión plástica e poética das obras de BStudio. Unha análise da imaxe estereotipada da muller no discurso cinematográfico da época, para describir e clasificar os roles que se lles asignaban aos papeis femininos.

+ info en: *www.bstudiodanza.com*



**EAMUS VIDERE... O CICLO DA SEMANA SANTA A TRAVÉS DA MÚSICA ANTIGA**
Grupo de Música Antiga 1500

Xénero: Música de cámara

O Grupo de Musica Antiga 1500 achégase nesta ocasión a outra importante festa cíclica: a Semana Santa. Neste novo programa combínanse Cantigas de Santa María e do Arquivo da Catedral de Santiago con algúns exemplos dos máis importantes cancioneiros peninsulares dos séculos XV e XVI, nun percorrido desde o Entroido ata a Resurrección.

+ info en: *www.grupo1500.es*



**AÍD**
Aíd

Xénero: Música/Hip hop

A pesar da súa xuventude, a rapeira viguesa é unha das máis recoñecidas figuras da escena hip hop galega. En 2008 acada gran repercusión a nivel estatal ao proclamarse vencedora do Festival Heineken Greenspace, ao que se presentaron 1.300 grupos. Desde entón, son moitos os recoñecementos recibidos polo seu estilo de rap limpo e de valores, que plasmou así mesmo no seu álbum de debut, *Jugando* (2009).

+ info en: *www.aid.gl*



**VOLANDO LIBRE**
Volando Libre

Xénero: Música/Fusión

O grupo eslavo-galaico volve con máis forza que nunca despois dun silencio de cinco anos. Vadim Yukhnevich (acordeón), Alfredo Gómez Sieiro (clarinete), Andrey Volodin (guitarra) e Pablo Pérez Fernández (contrabaixo) seguen dispostos a facernos vibrar coas súas maxistrais interpretacións cheas de lume e liberdade.



AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais

rede galega de salas

39 formacións artísticas
42 espectáculos
121 funcións

ARTERIA NOROESTE. SANTIAGO DE COMPOSTELA
SALA NASA. SANTIAGO DE COMPOSTELA
SALA SANTART. SANTIAGO DE COMPOSTELA
TEATRO ARTE LIVRE. VIGO
TEATRO DEL ANDAMIO. A CORUÑA
TEATRO ENSALLE. VIGO

# PROGRAMACIÓN
xaneiro-xuño 2011

Teatro de actor
Teatro de monicreques
Danza
Maxia
Novo circo
Música

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

70 formacións artísticas
78 espectáculos
400 funcións

A CORUÑA. IMCE
A CORUÑA. TEATRO COLÓN
A ESTRADA
A RÚA
AMES
ARTEIXO
AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ
BETANZOS
BOIRO
BURELA
CAMBADOS
CARBALLO
CEDEIRA
CEE
CULLEREDO
FERROL
FOZ
GONDOMAR
LALÍN
LUGO
MONFORTE DE LEMOS
MUROS
NARÓN
NOIA
O BARCO DE VALDEORRAS
O CARBALLIÑO
OLEIROS
ORTIGUEIRA
OURENSE. AUDITORIO MUNICIPAL
OURENSE. TEATRO PRINCIPAL
PONTEVEDRA
REDONDELA
RIBADAVIA
RIBADEO
SADA
SANTIAGO DE COMPOSTELA
SANXENXO
TUI
VIGO. CENTRO CULTURAL NOVACAIXAGALICIA
VIGO. AUDITORIO MUNICIPAL
VILAGARCÍA DE AROUSA
VIVEIRO

XUNTA DE GALICIA